

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria e urxente do 4 de decembro de 2015

ASISTENTES:

Membros :

Excmo. Sr. Alcalde
D. David Regades Fernández
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

Invitados

D. Javier Pardo Espiñeira
D^a. Eugenia Dolores Blanco Iglesias
D. José Manuel Fernández Pérez
D^a. M^a Jesús Lago Rey
D^a. Ana Laura Iglesias González
D. Santos Hector Rodríguez Díaz
D^a. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e trinta minutos do día catro de decembro de dous mil quince e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1362).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA

A Xunta de Goberno ratifica a urxencia da sesión.

2(1363).- INFORME RECURSO ESPECIAL INTERPUESTO POR SPETEL GALICIA, S.L., CONTRA ACORDO DE EXCLUSIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE ARRENDAMENTO DE DISPOSITIVOS DE IMPRESIÓN. EXPTE. 7075/113.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 04.12.15, da xefa do servizo de Contratación, conformado polo concelleiro-delegado de área que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- *Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*
- *Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña ó TRLCSP.*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña ó TRLCSP.*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).*
- *Real Decreto-Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).*
- *Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRJAP).*
- *Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).*
- *Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación da subministración en réxime de arrendamento de dispositivos de impresión (PCAP).*
- *Prego de prescricións técnicas que rexe o procedemento aberto para a contratación da subministración en réxime de arrendamento de dispositivos de impresión (PPT).*

ANTECEDENTES

D. Ismael Gómez Solla, en nome e representación da empresa SPETEL GALICIA, S.L., (en diante Spetel ou o recorrente), mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (en diante TACRC ou o tribunal), de 30 de novembro de 2015, interpón recurso especial en materia de contratación contra o acordo da Mesa de contratación do Concello de Vigo, de 6 de novembro de 2015, de exclusión do recorrente do procedemento aberto para a contratación da subministración en réxime de arrendamento de dispositivos de impresión.

É preciso comezar realizando unha relación cronolóxica dos principais fitos deste procedemento de licitación:

Primeiro.- En data 21 de novembro de 2014, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar o expediente incoado para a contratación da subministración en réxime de arrendamento de dispositivos de impresión por procedemento aberto e tramitación ordinaria, aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que haberían de rexer o mesmo, autorizar o gasto de devandito contrato e abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista.

Segundo.- En data 27 de novembro de 2014 anúnciase a licitación no perfil do contratante do Concello de Vigo, que é obxecto de publicación nos seguintes diarios oficiais:

- No Diario Oficial da Unión Europea, en data 2 de decembro de 2014, abríndose o prazo de presentación de ofertas que finalizaría o día 9 de xaneiro de 2015.
- No Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, en data 10 de decembro de 2014.
- No Boletín Oficial do Estado e no Diario Oficial de Galicia, en data 12 de decembro de 2014.

Terceiro.- En data 12 de xaneiro de 2015, a Secretaria do Goberno Local certifica que, durante o prazo concedido ó efecto, presentaron ofertas ó procedemento as seguintes mercantís:

1. NEA F3 IBÉRICA, S.L.
2. CANON ESPAÑA, S.A..
3. SPETEL GALICIA, S.L.
4. DOCUMENTACIÓN E IMAXE DO NOROESTE, S.L.
5. XEROX ESPAÑA, S.A.U.
6. CARLINGAL, S.L.

Cuarto.- En data 13 de xaneiro de 2015, a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, procede á apertura e cualificación da documentación persoal, e acorda conceder un prazo de subsanación da mesma de tres días ás mercantís SPETEL GALICIA e CARLINGAL e admitir no procedemento ó resto dos licitadores presentados. Durante o prazo de subsanación SPETEL acredita os extremos que lle foron requiridos e CARLINGAL, non presenta documentación. En consecuencia, a mesa en sesión de 20 de xaneiro de 2015, acorda admitir á primeira no procedemento e non admitir á segunda.

Quinto.- En data 20 de xaneiro de 2015 procédese á apertura da oferta técnica, valorándose ésta en informe do xefe do servizo de Administración electrónica de data 6 de febreiro de 2015, que é aceptado pola Mesa de contratación en sesión de 10 de febreiro.

Sexto.- En data 13 de febreiro de 2015, en acto público, a Mesa de Contratación procedeu á apertura da documentación económica, que se valora en informe do xefe do servizo de Administración electrónica de data 17 de febreiro de 2015. Perante a imposibilidade de unificar as ofertas con relación ó criterio de adxudicación establecido no apartado 9.B.6, relativo ós prezos das unidades de dispositivos de impresión que se soliciten a maiores durante a vixencia do contrato, a Mesa, en data 24 de febreiro de 2015, acordou solicitar aclaración das súas ofertas ós licitadores.

Sétimo.- En datas 25 de febreiro de 2015 e 9 de abril de 2015, SPETEL GALICIA, S.L., presentou senllos escritos de alegacións solicitando a exclusión das ofertas presentadas polas empresas DOCUMENTACIÓN E IMAXE DO NOROESTE, S.L., XEROX ESPAÑA, S.A.U., e INFORHOUSE, S.L, por diversos motivos de forma nas ofertas de devanditos licitadores e incum-

primemento das especificacións técnicas requiridas no prego de prescricións técnicas (en diante PPT) para os dispositivos de impresión tipo 6.

Oitavo.- En data 1 de abril de 2015, CANON ESPAÑA, S.A., presenta un escrito no Rexistro Xeral do Concello no que solicita a exclusión das ofertas presentadas por DOCUMENTACIÓN E IMAXE DO NOROESTE, S.L., XEROX ESPAÑA, S.A.U., INFORHOUSE, S.L e SPETEL GALICIA, S.L., alegando defectos de forma nas ofertas presentadas por DOCUMENTACIÓN E IMAXE DO NOROESTE e XEROX ESPAÑA, así como o incumprimento dos requisitos especificados no punto 4 do PPT polos modelos ofertados como tipo 6 polos 4 licitadores citados.

Noveno.- En data 20 de abril de 2015, o xefe-adxunto do servizo de Administración electrónica (servizo xestor do contrato), na súa calidade de responsable do contrato, en escrito de data 20 de abril de 2015, manifesta a conveniencia de propoñer ó órgano de contratación o desistimiento do procedemento aberto para a contratación da subministración de dispositivos de impresión en réxime de arrendamento por canto o modelo de proposición incluído no apartado 7.B.6 da Folla de especificacións do contrato (en diante FEC) do PCAP non está redactado de forma clara, e foi interpretado de maneira diferente polos licitadores admitidos no procedemento, resultando imposible harmonizar as diferentes ofertas de cara a valorar o criterio de adxudicación recollido no apartado 9.B.5 da FEC, "Prezo do equipamento a maiores do solicitado".

Décimo.- En data 24 de abril de 2015, a JGL acordou declarar o desistimiento do procedemento e a iniciación dun novo. Este acordo foille notificado ós licitadores en data 30 de abril de 2015.

Como consecuencia desta declaración de desistimiento, as alegacións citadas nos puntos oitavo e noveno non foron contestadas.

Undécimo.- En data 18 de maio de 2015, D. Antonio Carballo Fernández, en nome e representación da empresa SPETEL GALICIA, S.L., interpón recurso especial en materia de contratación contra o acordo de desistimiento perante o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (en diante TACRC ou o tribunal), de 12 de xuño de 2015.

Duodécimo.- Recibido o recurso, ó examinalo expediente, a xefa do servizo de Contratación do Concello de Vigo, detecta un erro no acordo de desistimiento, polo que propón á XGL unha corrección de erros materiais do mesmo.

Décimo terceiro.- En data 22 de maio de 2015, a XGL acorda:

"1º.- Rectificar no segundo parágrafo do fundamento xurídico terceiro do acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado na sesión ordinaria do 24 de abril de 2015, de desistimiento no procedemento aberto para a contratación da subministración en réxime de arrendamento de dispositivos de impresión (expediente 7075-113) a referencia ó número 5 do modelo de proposición recollido no apartado 7.B da Folla de especificacións do contrato do Prego de cláusulas administrativas particulares, substituíndoa pola referencia ó momento 6 do citado modelo de proposición que di:

"6.- Propón para as unidades de dispositivos de impresión que se soliciten a maiores durante a vixencia do contrato os prezos que se consignan na seguinte táboa (IVE incluído) (...)

2º.- Incorporar un apartado 4º ó citado acordo do seguinte tenor "Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso especial en materia de contratación perante o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais no prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte ó da súa notificación.

Incorpórase ó presente acordo o texto corrixido da resolución de desistimiento no procedemento aberto para a contratación da subministración en réxime de arrendamento de dispositivos de impresión (expediente 7075-113).

3º.- Dar traslado do presente acordo ós licitadores que presenten oferta neste procedemento”.

Este acordo foi obxecto de notificación ós licitadores en data 26 de maio do mesmo ano.

Décimo cuarto.- En data de 17 de xullo de 2015, o TACRC, en resolución 667/2015, acorda “Estimar o recurso especial presentado por D. A.C.F. en representación de SPETEL GALICIA S.L., contra o acordo de desistimiento do procedemento aberto para a “Contratación de subministración en réxime de arrendamento de dispositivos de impresión”, (expte. 7075/113) ditado polo Concello de Vigo, anulando o acordo impugnado”, así como levantar a suspensión do procedemento de contratación.

Décimo quinto.- En data 15 de setembro de 2015, a Mesa de contratación, a petición do Xefe de Administración Electrónica, formulada en escrito de data 11 de setembro, acorda requirir ós licitadores SPETEL GALICIA, S.L., e CANON ESPAÑA, o solicita ós licitadores SPETEL GALICIA, S.L., XEROX ESPAÑA, S.A.U., DOCUMENTACIÓN E IMAXE DO NOROESTE, S.L., e INFORHOUSE, S.L., información técnica que acredite que o modelo de dispositivos tipo 6 cumpre os requisitos mínimos detallados no punto 4 do PPT. Xustifícase este requirimento de información na imposibilidade de contestar as alegacións mencionadas nos antecedentes sétimo e oitavo, coa documentación técnica obrante no expediente. O requirimento é notificado ós licitadores en data 17 de setembro de 2015, que presentan a documentación en data 21 de setembro de 2015, con excepción de DOCUMENTACIÓN E IMAXE DO NOROESTE, que a presenta o día 22.

Décimo sexto.- En datas 6 e 13 de outubro de 2015, o Xefe de Administración Electrónica emite cadanseu informe. O primeiro de análise da documentación presentada por cada un dos licitadores, e o segundo de contestación ás alegacións presentadas por CANON e SPETEL. En función da documentación presentada polos licitadores se conclúe que unicamente o licitador Documentación e Imaxe do Noroeste presentaba documentación técnica que acreditase o cumprimento integro dos requisitos esixidos. Informes que son aceptados pola Mesa de Contratación na súa sesión de 16 de outubro, que á vista dos mesmos acorda excluír do procedemento ós seguintes licitadores:

- INFORHOUSE, S.L., e XEROX ESPAÑA, S.A.U., porque a súa oferta non cumpre os requirimentos mínimos recollidos no prego de condicións técnicas para os dispositivos de impresión Tipo 6 en relación á compatibilidade deste modelo co protocolo T.38 para envío e recepción de faxes.*
- SPETEL GALICIA, S.L., porque non cumpre os requirimentos mínimos recollidos no prego de condicións técnicas para os dispositivos de impresión Tipo 6, por canto a documentación presentada non se corresponde co modelo ofertado por SPETEL GALICIA, S.L.*

Décimo sétimo.- En data 3 de novembro de 2015, a Mesa de Contratación adoptou o seguinte acordo:

“Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “Procedemento aberto para a contratación do servizo corporativo de impresión (expediente 7075-113)” na seguinte orde decrecente:

1.- Documentación e Imaxe do Noroeste, S.L.: 94,75 puntos”.

Así como solicitarlle ó primeiro clasificado determinada documentación, que a presenta en data 23 de novembro de 2015.

Décimo oitavo.- En data 23 de novembro do 2015, XEROX ESPAÑA, S.A, presenta no Rexistro do TACRC, un recurso especial en materia de contratación contra a súa exclusión do presente procedemento, acordada pola Mesa de Contratación en data 16 de outubro de 2015.

En data 25 de novembro do mesmo ano presenta escrito de alegacións, no Rexistro Xeral deste Concello, que coincide coas formuladas no escrito de recurso, ó que acompañan dun certificado do fabricante SAGECOM, no que se acredita a compatibilidade do modelo ofertado D125 para o tipo 6. Solicita da Mesa que se admitan as alegacións e ordénese a retroacción do procedemento.

Décimo noveno.- En data 1 de decembro, o xefe do servizo de Administración electrónica emite informe sobre as alegacións formuladas no recurso de Xerox.

Vixésimo.- En data 1 de decembro, a Mesa de contratación acorda non tratar o punto incluído na orde do día da sesión relativo á adxudicación do procedemento de referencia, á vista da presentación do recurso especial por Xerox.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

É obxecto da presente impugnación o acordo de exclusión do recurrente do procedemento aberto para a contratación del no procedemento aberto para a contratación da subministración en réxime de arrendamento de dispositivos de impresión, adoptado pola Mesa de Contratación en data 16 de outubro de 2015. A exclusión do licitador fundaméntase en que a súa oferta “non cumpre os requirimentos mínimos recollidos no prego de condicións técnicas para os dispositivos de impresión Tipo 6, por canto a documentación presentada non se corresponde co modelo ofertado por SPETEL GALICIA, S.L. “.

-II-

É preciso comezar por determinar a lexislación aplicable ó presente contrato. Os contratos réxense en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira do TRLCSP e disposición transitoria segunda do Código Civil). En consecuencia, o presente contrato réxese polas seguintes disposicións:

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña ó TRLCSP.*

- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña ó TRLCSP.*

-III-

A lexislación de contratos (artigos 40 a 49 TRLCSP) regula un recurso especial en materia de contratación, que substitúe ós recursos administrativos comúns para a impugnación de determinados actos adoptados nos procedementos de adxudicación de contratos suxeitos a regulación harmonizada (suposto no que pode encadrarse o presente procedemento), contratos de servizos comprendidos nas categorías 17 a 27 do Anexo II de contía igual ou superior a 200.000 euros ou contratos de xestión de servizos públicos nos que o orzamento de gastos de primeiro establecemento sexa superior a 500.000 euros e o prazo de duración superior a cinco anos.

A interposición previa deste recurso é potestativa (artigo 40.6 TRLCSP), podendo os interesados interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo.

No ámbito das Corporacións Locais, a competencia para resolver os recursos será establecida polas normas das Comunidades Autónomas cando estas teñan atribuída competencia normativa e de execución en materia de réxime local e contratación (artigo 41.4 TRLCSP), como é o caso da Comunidade autónoma galega, á que pertence este Concello.

En virtude do Convenio de Colaboración entre o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e a Comunidade Autónoma de Galicia sobre atribución de competencia de recursos contractuais, de 7 de novembro de 2013, atribúese pola citada Comunidade ó Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais "a competencia para a tramitación e resolución dos recursos, solicitudes de adopción de medidas provisionais e cuestións de nulidade dos actos do procedemento de adxudicación e contratos a que se refiren os artigos 40.1,43 e 47 do TRLCSP (...)"

-IV-

Aínda que a tarefa de analizar si concorren no presente recurso os requisitos obxectivos, subxectivos, formais e temporais para a admisión do mesmo correspóndelle ó Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais, é de interese para o órgano de contratación coñecer esta circunstancia a efectos de formular alegacións no presente informe no caso de que non concorran e, no seu caso, solicitar do Tribunal a inadmisión do recurso.

En canto ós requisitos obxectivos, son susceptibles deste recurso especial os seguintes actos ditados no curso dos procedementos citados no parágrafo anterior (artigo 40.2 TRLCSP):

- a) Os anuncios de licitación, os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexer a contratación.*
- b) Os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, sempre que éstos decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos. Consideraranse actos de trámite que determinan a imposibilidade de continuar o procedemento os actos da Mesa de Contratación polos que se acorde a exclusión de licitadores.*
- c) Os acordos de adxudicación adoptados polos poderes adxudicadores.*

O acordo de exclusión é un acto de trámite cualificado, que impide ó licitador continuar no procedemento, e en consecuencia, subsumible no artigo 40.2.b, como acto susceptible de recurso.

En relación ós requisitos subxectivos, a lei concede lexitimación activa para interpoñer este recurso ás persoas físicas e xurídicas os dereitos ou intereses lexítimos dos cales víronse prexudicados ou poidan resultar afectados ás decisións obxecto de recurso (artigo 42 TRLCSP). É dicir, en materia de lexitimación activa non se recoñece unha acción pública, senón que é preciso que exista unha determinada relación coa cuestión debatida, unha lexitimación ad causam. No caso que nos ocupa o recorrente é un licitador, polo que se lle recoñece lexitimación para recorrer.

Como requisitos formais a lei esixe que o recurso se anuncie previamente e se presente por escrito.

O escrito anunciando o recurso deberá especificar o acto do procedemento que vaia ser obxecto do recurso, e presentarse perante o órgano de contratación no prazo de interposición do recurso (artigo 44.1 TRLCSP). En cumprimento deste requisito Spetel anunciou a esta Administración, en escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste concello de 26 de novembro de 2015, a intención de interpoñer recurso especial. Escrito que reúne os requisitos esixidos pola lei, agás o da súa presentación en prazo.

O escrito de interposición deberá presentarse no rexistro do órgano de contratación ou no do órgano competente para a resolución do recurso (artigo 44.3 TRLCSP). No recurso farase constar o acto recorrido, o motivo que fundamente o recurso, os medios de proba de que pretenda valer-se o recorrente e, no seu caso, as medidas provisionais, a adopción da cal solicite (artigo 44.4 TRLCSP) e deberá ser acompañado da seguinte documentación:

- O documento que acredite a representación do comparecente.*
- O documento ou documentos que acrediten a lexitimación do actor cando a ostente por tela transmitido outro por herdanza ou por calquera outro título.*
- A copia ou traslado do acto expreso que se recorra, ou indicación do expediente en que recaia ou do xornal oficial ou perfil de contratante en que se publicou.*
- O documento ou documentos en que funde o seu dereito.*
- O xustificante de dar cumprimento ó establecido no apartado 1 deste artigo.*

Circunstancias que concorren no escrito de recurso presentado polo recorrente perante o TA-CRC.

Por último, respecto ós requisitos temporais, a lei fixa un prazo de interposición do recurso especial en materia de contratación de quince días hábiles contados a partir do seguinte a aquel en que se remita a notificación do acto impugnado. Neste prazo deberá presentarse o preceptivo escrito anunciando o recurso (artigo 44.1 e 2 LCSP). Neste caso, Spetel presenta o recurso en data 30 de novembro de 2015. Dado que o acto recorrido lle fora notificado en data 6 de novembro, o recurso é extemporáneo, non se interpón dentro do prazo concedido ó efecto, que finalizaba o 24 de novembro.

Podemos concluír, a xuízo da informante, e sen prexuízo do seu ulterior exame polo Tribunal, que o recurso, aínda que reúne os requisitos obxectivos, subxectivos e formais requiridos, en cambio non reúne os requisitos temporais esixidos pola lei, polo que procede solicitar a súa inadmisión.

Entre tanto, e por se o Tribunal acordase admitir o recurso, nos fundamentos xurídicos seguintes analizarase o fondo da cuestión exposta polo recorrente.

-V-

SPETEL, no seu escrito de recurso, solicita a anulación do acto de exclusión da súa oferta, petición que fundamenta nas seguintes alegacións:

1. O PPT, no seu punto 4, di que a multifunción tipo 6 debería ser compatible co envío e recepción de faxes e ter unha velocidade de 120 ppm. "Non existe no mercado unha multifunción con estas características, motivo polo cal ningún dos licitadores presentou este modelo, tampouco IMAXE DO NOROESTE, S.L.".
2. En resposta ó requirimento realizado pola Mesa de Contratación en data 17 de setembro de 2015, enviado por correo electrónico, presentouse escrito de data 21 de setembro do mesmo ano, no que se manifestaba que "Entendemos que o trámite que se está realizando non ten cabida no prego de cláusulas administrativas deste contrato. Non se contempla, en definitiva, a posibilidade de efectuar este requirimento". A pesar diso, presenta a documentación técnica do modelo de impresión tipo 6. Recoñece o recorrente que "Este modelo supera as características do modelo ofertado inicialmente, aínda que, dicir agora que a documentación achegada non se corresponde coa da oferta inicial e por ese motivo exclúese ó meu mandante. Partindo do feito de que este requirimento é alleo ó procedemento establecido no prego de cláusulas administrativas, e por tanto nulo, de utilizarse este criterio, IMAXE DO NOROESTE, S.L., tampouco podería ser tida en consideración, ademais de polos motivos que se expoñen na alegación terceira, por canto na súa oferta inicial tampouco se presentaba o software externo como solución ou complemento ó seu dispositivo ofertado. Por iso tamén (...) incorrería en causa de exclusión".
3. Solicita a exclusión do licitador IMAXE DO NOROESTE, S.L., por incumprir os requisitos do sobre B. Cláusula 13 do PCAP.
4. Conclúe considerando que a actuación do Concello vulnerou os principios de legalidade e interdicción da arbitrariedade que deben rexe-la actuación dos poderes públicos, posto que os pregos constitúen a lei do contrato, e en consecuencia para a presentación das ofertas hai que ter en conta o que resulta da Folla de características do contrato incluída como Anexo I do PCAP.

Á vista destas alegacións, pódese observar que o recorrente non esgrime ningún argumento para tentar demostrar erro da Administración ó lembra-la súa exclusión, que permita declarar ésta nula, así a todo, o que propón é:

- Por unha banda, que se recoñeza a nulidade do requirimento de documentación efectuado por non estar previsto no PCAP, o que ó seu parecer, é mostra da actuación ilegal e arbitraria desta Administración.
- Por outro, pretende a exclusión do licitador primeiro clasificado neste procedemento, utilizando variados argumentos.

A xuízo da informante, non procede tratar en sede deste recurso a procedencia da exclusión dun terceiro licitador alleo ó mesmo, pois o que se impugna é o acto de exclusión do recorrente. En consecuencia, nos fundamentos xurídicos seguintes farase alusión unicamente ás alegacións segunda e cuarta do escrito de recurso.

-VI-

Comeza o recorrente a segunda alegación poñendo de relevo a ilegalidade do requirimento de documentación efectuado pola Mesa de contratación con obxecto de poder responder ós escritos de alegacións presentados por Canon e o propio recorrente, nos que se poñía en dúbida que as ofertas dos licitadores cumprisen os requisitos técnicos esixidos no PPT.

Conviene aclarar que cando a Mesa de contratación atópase en supostos nos que as ofertas poden adoeecer dalgún defecto ou incoherencia, os parámetros das súas actuacións veñen determinados polos artigos 145 do TRLCSP e 84 do RLCAP. Non obstante estes artigos non liquidan dunha forma detallada tódolos casos concretos en que resulta imprescindible solicitar aclaracións. A casuística dos Tribunais e órganos consultivos sobre a envergadura e consecuencias dos defectos das ofertas é moi variada. Non existe por tanto un baremo regulado que permita resolver este tipo de problemas, polo que será a discrecionalidade da Mesa e do órgano de contratación os que os deban liquidar, con aplicación dos principios da contratación tales como o de libre concorrência e de igualdade de trato ós licitadores (artigo 1 TRLCSP).

A doutrina consultiva aplica dous principios claros:

- Que cando se identifica con claridade a orixe da incoherencia, e a súa causa, e ó tempo sexa reconecible o sentido da oferta de forma inequívoca, será posible admitila.*
- Non será posible admitir a oferta cando para ser coherente precise dunha reformulación, ou cando lle impide ó órgano de contratación determinar a vontade da empresa licitadora.*

Como conclusión pode establecerse que para admitir unha oferta ésta ten que ser inequívoca pese ó erro.

Para dispensar igualdade de trato ós licitadores é preciso darlles a oportunidade de aclarar as súas ofertas, sen que en ningún caso poidan reformularla. Neste sentido, podemos citar a resolución 131/2013, de 28 de outubro, do Tribunal de Recursos Contractuales de Andalucía, que se fundamenta nas sentenzas do TJUE de 10 de decembro de 2009, asunto T-195/2008, e do 29 de marzo de 2012, asunto C-599/10. A primeira destas sentenzas considera que perante a variedade de supostos que poden presentarse na práctica, o órgano de contratación debe poñerse en contacto cos licitadores cando a oferta requira unha aclaración suplementaria en aras da seguridade xurídica, sempre que non supoña unha modificación do sentido da oferta. E a segunda sinala que os datos relativos á oferta poden completarse ou corrixirse de maneira puntual, principalmente, porque sexa evidente que os datos requiren unha mera aclaración, ou para emendar erros materiais manifestos, sempre que dita modificación non equivalla a propoñer en realidade unha nova oferta.

A Administración, tal e como admiten as sentenzas do TJUE citadas, solicitou dos licitadores aclaracións suplementarias en aras da seguridade xurídica, pois se estaba poñendo en dúbida o cumprimento das prescricións técnicas esixidas no PPT polas ofertas presentadas polos licitadores e admitidas neste procedemento. En consecuencia, podemos concluír que en ningún caso pode considerarse nulo o requirimento de aclaracións ós licitadores perante as dúbidas xurdidas respecto das súas ofertas.

Nesta alegación segunda, doutra banda, o licitador manifesta abertamente que cambiou a súa oferta ó dicir que “Este modelo supera as características do modelo ofertado inicialmente, aínda que, dicir agora que a documentación achegada non se corresponde coa da oferta inicial e por ese motivo exclúese ó meu mandante”. Pois ben, unha vez presentada a oferta, esta non se pode alterar. O contrario suporía cometer fraude, tanto en relación coa Administración contratante, como en relación ós demais licitadores, crebando as regras da libre competencia. E tal e como se dixo, tanto a doutrina consultiva como as resolucións dos tribunais administrativos especiais de resolución de recursos, coinciden en que non será posible admitir a oferta cando para ser coherente precise dunha reformulación. En consecuencia, resulta procedente excluír ó reco-

rente, como fixo a Mesa, tanto por incumprir a súa oferta requirimentos do PPT como por modificar a mesma unha vez solicitada a xustificación documental do cumprimento da oferta técnica.

-VII-

Por último, na alegación cuarta, conclúe o recorrente considerando que a actuación do Concello vulnerou os principios de legalidade e interdicción da arbitrariedade que deben rexer á actuación dos poderes públicos por imperativo dos artigos 9 e 103 da Constitución española.

Como se puido observar na exhaustiva descrición dos feitos, desde o inicio do procedemento, esta Administración actuou cumprindo estritamente tanto as prescricións legais en canto á súa actuación, como os principios que rexen a contratación pública. Desde a apertura da documentación administrativa concedéronse prazos de subsanación ós licitadores, cando non acreditaron algún dos extremos esixidos nos pregos que rexen esta licitación, deuse un trato igualitario a todos eles, concedéndolles as mesmas oportunidades de subsanación, e nos mesmos prazos. Mesmo, en aras da seguridade xurídica, perante as dificultades que se produciron para a valoración das ofertas económicas, pois faltaba un dos parámetros necesarios para valorar un dos criterios de adxudicación, esta Administración declarara o desistimiento do procedemento e a iniciación dun novo. Acordo que foi declarado nulo pola Resolución 667/2015 do TACRC.

-VIII-

En mérito ó exposto, proponse á Xunta de Goberno Local, en calidade de órgano de contratación do Concello de Vigo (disposición adicional segunda do TRLCSP) e en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Aprobar o presente informe.

2º.- Dar traslado do mesmo ó Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais”.

Acordo

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(1364).- INFORME RECURSO ESPECIAL INTERPUESTO POR XEROX ESPAÑA, SAU, CONTRA ACORDO DE EXCLUSIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE ARRENDAMENTO DE DISPOSITIVOS DE IMPRESIÓN. EXPTE. 7075/113.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 04.12.15, da xefa do Servizo de Contratación conformado polo concelleiro-delegado de Área que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- *Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSF).*
- *Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSF), de aplicación no que non se opoña ó TRLCSF.*

- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña ó TRLCSP.*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).*
- *Real Decreto-Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).*
- *Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRJAP).*
- *Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).*
- *Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación da subministración en réxime de arrendamento de dispositivos de impresión (PCAP).*
- *Prego de prescricións técnicas que rexe o procedemento aberto para a contratación da subministración en réxime de arrendamento de dispositivos de impresión (PPT).*

ANTECEDENTES

D^a. M.^a. Vitoria Neto Alfonso, en nome e representación da empresa XEROX ESPAÑA, S.A .U. (en diante Xerox ou o recorrente), mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (en diante TACRC ou o tribunal), de 23 de novembro de 2015, interpón recurso especial en materia de contratación contra o acordo da Mesa de contratación do Concello de Vigo, de 6 de novembro de 2015, de exclusión do recorrente do procedemento aberto para a contratación da subministración en réxime de arrendamento de dispositivos de impresión.

É preciso comezar realizando unha relación cronolóxica dos principais fitos deste procedemento de licitación:

Primeiro.- En data 21 de novembro de 2014, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar o expediente incoado para a contratación da subministración en réxime de arrendamento de dispositivos de impresión por procedemento aberto e tramitación ordinaria, aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que haberían de rexer o mesmo, autorizar o gasto de devandito contrato e abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista.

Segundo.- En data 27 de novembro de 2014 anúnciase a licitación no perfil do contratante do Concello de Vigo, que é obxecto de publicación nos seguintes diarios oficiais:

- *No Diario Oficial da Unión Europea, en data 2 de decembro de 2014, abríndose o prazo de presentación de ofertas que finalizaría o día 9 de xaneiro de 2015.*
- *No Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, en data 10 de decembro de 2014.*
- *No Boletín Oficial do Estado e no Diario Oficial de Galicia, en data 12 de decembro de 2014.*

Terceiro.- En data 12 de xaneiro de 2015, a Secretaria do Goberno Local certifica que, durante o prazo concedido ó efecto, presentaron ofertas ó procedemento as seguintes mercantís:

1. *NEA F3 IBÉRICA, S.L.*

2. CANON ESPAÑA, S.A..
3. SPETEL GALICIA, S.L.
4. DOCUMENTACIÓN E IMAXE DO NOROESTE, S.L.
5. XEROX ESPAÑA, S.A.U.
6. CARLINGAL, S.L.

Cuarto.- En data 13 de xaneiro de 2015, a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, procede á apertura e cualificación da documentación persoal, e acorda conceder un prazo de subsanación da mesma de tres días ás mercantís SPETEL GALICIA e CARLINGAL e admitir no procedemento ó resto dos licitadores presentados. Durante o prazo de subsanación SPETEL acredita os extremos que lle foron requiridos e CARLINGAL, non presenta documentación. En consecuencia, a mesa en sesión de 20 de xaneiro de 2015, acorda admitir á primeira no procedemento e non admitir á segunda.

Quinto.- En data 20 de xaneiro de 2015 procédese á apertura da oferta técnica, valorándose ésta en informe do xefe do servizo de Administración electrónica de data 6 de febreiro de 2015, que é aceptado pola Mesa de contratación en sesión de 10 de febreiro.

Sexto.- En data 13 de febreiro de 2015, en acto público, a Mesa de Contratación procedeu á apertura da documentación económica, que se valora en informe do xefe do servizo de Administración electrónica de data 17 de febreiro de 2015. Perante a imposibilidade de unificar as ofertas con relación ó criterio de adjudicación establecido no apartado 9.B.6, relativo ós prezos das unidades de dispositivos de impresión que se soliciten a maiores durante a vixencia do contrato, a mesa, en data 24 de febreiro de 2015, acordou solicitar aclaración das súas ofertas ós licitadores.

Sétimo.- En datas 25 de febreiro de 2015 e 9 de abril de 2015, SPETEL GALICIA, S.L., presentou sendos escritos de alegacións solicitando a exclusión das ofertas presentadas polas empresas DOCUMENTACIÓN E IMAXE DO NOROESTE, S.L., XEROX ESPAÑA, S.A.U., e INFORHOUSE, S.L, por diversos motivos de forma nas ofertas dos devanditos licitadores e incumprimento das especificacións técnicas requiridas no prego de prescricións técnicas (en diante PPT) para os dispositivos de impresión tipo 6.

Oitavo.- En data 1 de abril de 2015, CANON ESPAÑA, S.A., presenta un escrito no Rexistro Xeral do Concello no que solicita a exclusión das ofertas presentadas por DOCUMENTACIÓN E IMAXE DO NOROESTE, S.L., XEROX ESPAÑA, S.A.U., INFORHOUSE, S.L e SPETEL GALICIA, S.L., alegando defectos de forma nas ofertas presentadas por DOCUMENTACIÓN E IMAXE DO NOROESTE e XEROX ESPAÑA, así como o incumprimento dos requisitos especificados no punto 4 do PPT polos modelos ofertados como tipo 6 polos 4 licitadores citados.

Noveno.- En data 20 de abril de 2015, o xefe-adxunto do servizo de Administración electrónica (servizo xestor do contrato), na súa calidade de responsable do contrato, en escrito de data 20 de abril de 2015, manifesta a conveniencia de propoñer ó órgano de contratación o desistimento do procedemento aberto para a contratación da subministración de dispositivos de impresión en réxime de arrendamento por canto o modelo de proposición incluído no apartado 7.B.6 da Folla de especificacións do contrato (en diante FEC) do PCAP non está redactado de forma clara, e foi interpretado de maneira diferente polos licitadores admitidos no procedemento, resultando imposible harmonizar as diferentes ofertas de cara a valora-lo criterio de adjudicación recollido no apartado 9.B.5 da FEC, "Prezo do equipamento a maiores do solicitado".

Décimo.- En data 24 de abril de 2015, a XGL acordou declarar o desistimento do procedemento e a iniciación dun novo. Este acordo foille notificado ós licitadores en data 30 de abril de 2015.

Como consecuencia desta declaración de desistimento, as alegacións citadas nos puntos oitavo e noveno non foron contestadas.

Undécimo.- En data 18 de maio de 2015, D. Antonio Carballo Fernández, en nome e representación da empresa SPETEL GALICIA, S.L., interpón recurso especial en materia de contratación contra o acordo de desistimento perante o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (en diante TACRC ou o tribunal), de 12 de xuño de 2015.

Duodécimo.- Recibido o recurso, ó examina-lo expediente, a xefa do servizo de Contratación do Concello de Vigo, detecta un erro no acordo de desistimento, polo que propón á XGL unha corrección de erros materiais do mesmo.

Décimo terceiro.- En data 22 de maio de 2015, a XGL acorda:

“1º.- Rectificar no segundo parágrafo do fundamento xurídico terceiro do acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado na sesión ordinaria do 24 de abril de 2015, de desistimento no procedemento aberto para a contratación da subministración en réxime de arrendamento de dispositivos de impresión (expediente 7075-113) a referencia ó número 5 do modelo de proposición recollido no apartado 7.B da Folla de especificacións do contrato do Prego de cláusulas administrativas particulares, substituíndoa pola referencia ó momento 6 do citado modelo de proposición que di:

“6.- Propón para as unidades de dispositivos de impresión que se soliciten a maiores durante a vixencia do contrato os prezos que se consignan na seguinte táboa (IVE incluído) (...)

2º.- Incorporar un apartado 4º ó citado acordo do seguinte tenor “Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso especial en materia de contratación perante o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais no prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte ó da súa notificación.

Incorpórase ó presente acordo o texto corrixido da resolución de desistimento no procedemento aberto para a contratación da subministración en réxime de arrendamento de dispositivos de impresión (expediente 7075-113).

3º.- Dar traslado do presente acordo ós licitadores que presenten oferta neste procedemento”.

Este acordo foi obxecto de notificación ós licitadores en data 26 de maio do mesmo ano.

Décimo cuarto.- En data de 17 de xullo de 2015, o TACRC, en resolución 667/2015, acorda “Estimar o recurso especial presentado por D. A.C.F. en representación de SPETEL GALICIA S.L, contra o acordo de desistimento do procedemento aberto para a “Contratación de subministración en réxime de arrendamento de dispositivos de impresión”, (expte. 7075/113) ditado polo Concello de Vigo, anulando o acordo impugnado”, así como levanta-la suspensión do procedemento de contratación.

Décimo quinto.- En data 15 de setembro de 2015, a Mesa de contratación, a petición do Xefe de Administración Electrónica, formulada en escrito de data 11 de setembro, acorda requirir ós licitadores SPETEL GALICIA, S.L., e CANON ESPAÑA, o solicita ós licitadores SPETEL GALICIA, S.L., XEROX ESPAÑA, S.A.U., DOCUMENTACIÓN E IMAXE DO NOROESTE, S.L., e INFORHOUSE, S.L., información técnica que acredite que o modelo de dispositivos tipo 6 cumpre os requisitos mínimos detallados no punto 4 do PPT. Xustifícase este requerimento de información na imposibilidade de contestar as alegacións mencionadas nos antecedentes sétimo e oita-

vo, coa documentación técnica obrante no expediente. O requerimento é notificado ós licitadores en data 17 de setembro de 2015, que presentan a documentación en data 21 de setembro de 2015, con excepción de DOCUMENTACIÓN E IMAXE DO NOROESTE, que a presenta o día 22.

Décimo sexto.- En datas 6 e 13 de outubro de 2015, o Xefe de Administración Electrónica emite sendos informes. O primeiro de análise da documentación presentada por cada un dos licitadores, e o segundo de contestación ás alegacións presentadas por CANON e SPETEL. En función da documentación presentada polos licitadores se conclúe que unicamente o licitador Documentación e Imaxe do Noroeste presentaba documentación técnica que acreditase o cumprimento íntegro dos requisitos esixidos. Informes que son aceptados pola Mesa de Contratación na súa sesión de 16 de outubro, que á vista dos mesmos acorda excluír do procedemento ós seguintes licitadores:

- *INFORHOUSE, S.L., e XEROX ESPAÑA, S.A.U., porque a súa oferta non cumpre os requirimentos mínimos recollidos no prego de condicións técnicas para os dispositivos de impresión Tipo 6 en relación á compatibilidade destem o delo co protocolo T.38 para envío e recepción de faxes.*
- *SPETEL GALICIA, S.L., porque non cumpre os requirimentos mínimos recollidos no prego de condicións técnicas para os dispositivos de impresión Tipo 6, por canto a documentación presentada non se corresponde co modelo ofertado por SPETEL GALICIA, S.L.*

Décimo sétimo.- En data 3 de novembro de 2015, a Mesa de Contratación adoptou o seguinte acordo:

“Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “Procedemento aberto para a contratación do servizo corporativo de impresión (expediente 7075-113)” na seguinte orde decrecente:

- 1.- Documentación e Imaxe do Noroeste, S.L.: 94,75 puntos”.*

O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar na colaboración co tecido industrial en xeral e en concreto coa empresa PEUGEOT CITRÖEN AUTOMÓVILES ESPAÑA S.A. para subvencionar os gastos derivados da contratación do maior número de persoas posibles de tal xeito que permita aunar as necesidades da empresa de contar con novos traballadores coa demanda de emprego por parte de desempregados e desempregadas de Vigo que debida a súa falta de experiencia teñen máis dificultades no acceso ao mercado laboral.

Conforme se indica na memoria "programa para a inserción laboral de persoas desempregadas da cidade de Vigo" se prevé a contratación de 55 persoas desempregadas, preferentemente menores de 30 anos, e empadroadas en Vigo, as que se lle establece unha axuda de 5.454,55 € por posto contratado e un período mínimo de 6 meses de contrato.

Desta vontade común entre o Concello e a empresa nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflectan as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.

Conforme a INSTRUCCIÓN 1/2014 da Intervención Municipal acerca da aplicación da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, en relación coa citada Lei 27/2013, con relación ao expediente de convenio de colaboración para o fomento do emprego, que dan lugar á continuidade de actividades de fomento xa establecida en exercicios anteriores, se teñen entre outros os seguintes antecedentes:

-2012:

- Expediente 9263/77 de ""CONVENIO COLABORACIÓN COA PEUGEOT CITRÖEN AUTOMÓVILES ESPAÑA S.A.", do 1 de outubro de 2012 e o 31 de marzo de 2013.

2013:

- Expediente 10355/77 de ""CONVENIO COLABORACIÓN COA PEUGEOT CITRÖEN AUTOMÓVILES ESPAÑA S.A.", do 1 de abril de 2013 e o 31 de outubro de 2013.

2014:

- Expediente 111361/77 de ""CONVENIO COLABORACIÓN COA PEUGEOT CITRÖEN AUTOMÓVILES ESPAÑA S.A.", do 1 de xaneiro de 2014 e o 31 de outubro de 2014.

Dentro das medidas de fomento do emprego e de apoio as persoas desempregadas en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar coas entidades empresariais mais significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociolaboral, as cales redundan no beneficio da cidade, polo que conforme establece a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3.- "En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias:

- a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.
- b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores así como a realización de novas actuacións de fomento que foran xa establecidas nos proxectos de establecemento de servizos obxecto dos informes de inexistencia de duplicidades e sustentabilidade financeira previstos nesta lei.

..."

Tendo en conta o prazo de execución do proxecto (01/01/2015 ao 15/11/2015), as imputacións a efectos orzamentarios será contra a partida 2410 4700000 "Plan emprego xuvenil" e a súa bolsa de vinculación.

Incorpórase tamén unha cláusula expresa no convenio referida a inexistencia de relación laboral entre os traballadores directa ou indirectamente beneficiarios da subvención que se pretende conceder á PEUGEOT CITRÖEN AUTOMÓVILES ESPAÑA S.A. e o Concello de Vigo.

A lexislación aplicable a este convenio será a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG); a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime

local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2015; así como as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

A Lei de subvencións de Galicia, establece que, poderán concederse con carácter excepcional de forma directa entre outras as subvencións, nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública, e no caso da empresa PEUGEOT CITROËN AUTOMOVILES ESPAÑA, S.A., o interese público, social e económica, ven determianda, pola súa presenza no contexto económico e laboral de Vigo (Fonte <http://www.vigo.psa-peugeot-citroen.com/index.php?id=95>), no que se deben ter en conta algunhas das principais cifras que caracterizan ao Centro de Vigo de PSA Peugeot Citroën (datos a fin decembro 2013):

- *Emprego:*
 - 6.900 Empregados
- *Producción*
 - 406.500 vehículos/ano.
 - 37.800 coleccións CKD (vehículos despiezados).
 - 1.736 vehículos/día.
 - 23,3% da exportación de Galicia.
- *Loxística*
 - 32% do valor da mercadoría que se move no Porto de Vigo.
 - 102 provedores de compoñentes na área de influencia económica da cidade.
- *Formación dirixida a traballadores do centro:*
 - 240.000 horas ao ano.

Da produción total do Centro, o 85% destínase á exportación. Os vehículos producidos na planta distribúense a un total de 90 países dos cinco continentes, aínda que é na Europa dos 27 onde o Centro ten o seu principal mercado. Francia, España, Gran Bretaña e Irlanda, Benelux e Alemaña son os destinos máis destacados.

A maior abundamento nos indicadores sociais e económicos da área de Vigo, editados polo Consorcio da Zona Franca de Vigo, apreciase (Fonte http://www.zfv.es/negociosenvigo/index.php?option=com_content&task=view&id=172&Itemid=32&idh311=13) que:

- PEUGEOT CITROËN AUTOMOVILES ESPAÑA, S.A., é a empresa líder en facturación
- A distribución do Valor Engadido Bruto, distribuído por sistemas productivos, o maior VEB, corresponde ao Apartado de Automoción e Equipo, cun 24,37% do total.
- As subactividade que xeneran máis VEB, por orde de importancia son as seguintes, nas que se aprecia a importancia de PSA Citroen en primeiro lugar, e no segundo a fabricación de compoñentes dos que PSA Citroen é o maior cliente:
 - Fabricación de vehículos de motor, carrocerías, remolques e semirremolques
 - Fabricación de compoñentes, pezas e accesorios
 - Construcción de edificios
 - Extracción pesqueira
 - Actividades sanitarias
 - Transporte de mercancías por estrada
 - Supermercados e hipermercados
 - Maioristas de pescados e mariscos
 - Elaboración de produtos a base de pescado
 - Depósito, almacenamiento e manipulación de mercancías

Os datos reflectidos nos diversos aspectos relacionados cos ámbitos económico, social e laboral da empresa PEUGEOT CITROËN AUTOMOVILES ESPAÑA, S.A., demostran por si mesmos a importancia da mesma e da imposibilidade de realizar unha convocatoria pública, por su determinante transcendencia no ámbito económico e laboral, tanto de xeito directo, como indirecto, polo que a concesión desta axuda, permite incidir no mercado laboral de Vigo, que ten un importe número de persoas desempregadas, as que colleran experiencia laboral no ámbito da automoción, e lles permitirá en caso de rematar o seu contrato, optar a postos de traballo nas múltiples empresas de fabricación de compoñentes, pezas e accesorios, que destinanse a propia empresa PEUGEOT CITROËN AUTOMOVILES ESPAÑA, S.A., e a outras do mesmo mercado.

A intervención municipal con data 01/12/2015, emite informe de conformidade; sin prexuízo de que se proceda a realizar as seguintes correccións con carácter previo ao sometemento do expediente ao coñecemento da Xunta de Goberno Local:

1. Modifícase na cláusula novena (oitaba coa reenumeración) do convenio a data que se establece para a xustificación que pasa a ser antes do 13/12/2015, co que se está a cumprir coas bases de execución do presuposto, así como a observación da intervención de tal xeito que no parágrafo final se indica que deberán aportar na documentación do conta xustificativa “así como o procedemento de selección e as actividades realizadas para a preselección dos candidatos.”.
2. Tendo en conta que polas datas de tramitación do expediente non se poderá tramitar anticipo a conta, se procede a eliminar a cláusula quinta, polo que se procede a reenumerar as cláusulas do convenio, que queda con dezaseis cláusulas.
3. Engádesse ao convenio de colaboración como anexo ao mesmo a memoria-proxecto presentado por Peugeot Citroën Automóviles España SA, no momento da solicitude

Por todo o exposto e realizadas as correccións indicadas no informe favorable da intervención municipal de data 02/12/2015 e o informe favorable do Secretario Municipal de data 06/11/2015, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

- 1) Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a PEUGEOT CITROËN AUTOMÓVILES ESPAÑA S.A., con CIF: A36602837.
- 2) Autorizar o gasto de 300.000,00 €, como contrapartida do estipulado no presente convenio, con cargo á partida 2410 4700000 “Plan de emprego xuvenil”, do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2015.
- 3) Facultar ao Concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos D. Santos Héctor Rodríguez Díaz para asinar o citado convenio.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

En Vigo, a ____ de _____ de dous mil quince

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde – Presidente na representación legal do Concello de Vigo (CIF P3605700H) e, enderezo na Praza do Rei, número 1.

Doutra, Don Pedro María Rodríguez Rodríguez, en nome e representación de PEUGEOT CITROËN AUTOMÓVILES ESPAÑA, S.A. – Centro de Vigo (en adiante a beneficiaria) con domici-

lio social en Vigo, Avda. Citroën 3 e 5, según escritura de poder otorgada o seu favor, ante o notario de Madrid D. Luis Garay Cuadros, nº de protocolo 5.508, que lle faculta para o outorgamento deste convenio, asegurando o comparecente que tales facultades non lle foron revocadas nin limitadas.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

EXPOÑEN

A mellora do benestar dos cidadáns de Vigo é a tarefa fundamental do Concello de Vigo. A súa situación en relación co emprego é un elemento fundamental do seu benestar, e por medio de proxectos integrados no Plan de Emprego intervén para acadar unha sociedade mais inclusiva, mais xusta e equilibrada.

A estratexia polo emprego que supón este plan non é un elemento illado, senón toma en consideración un conxunto de accións de colaboración con entramado laboral, empresarial e social nos que o desenvolvemento de convenios de colaboración configúrase como a súa máxima concreción.

O Concello de Vigo ten dentro das súas propostas para estes anos de crise, acadar mediante a contratación directa ou indirecta o maior número de postos de traballo reducindo a porcentaxe de parados na nosa cidade, unha das formas para acadar este obxectivo entre outras é a colaboración coas empresas de tal xeito que se mellore a situación das persoas en situación de desemprego.

MANIFESTAN

I.- Que tendo en conta a situación socio-laboral actual na cidade de Vigo, no obxecto do presente convenio e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, social e económico:

Paro rexistrado por sexo e grupos de idade no mes de agosto de 2015:

CONCELLOS	Paro Actual	Paro Anterior	VARIACION	Total <25	Homes <25	Mulleres <25	Total >25	Homes >25	Mulleres >25
VIGO	28.441	28.525	-84	1.238	611	627	27.203	-364.201	15.301

Paro rexistrado por sexo e sector de actividade no mes de agosto de 2015:.

CONCELLO	PARO TOTAL	AGRICULTURA	INDUSTRIA	CONSTRUCCION	SERVIZOS	PRIMEIRO EMPREGO
VIGO	28.441	393	3.661	2.293	19.760	2.334

II.- Que PSA Peugeot Citroen Automóviles España, S.A – Centro de Producción de Vigo, ten establecido na súa escritura de constitución como fin e actividade a construción e fabricación de vehículos a motor, cuxa implantación na cidade de Vigo, con máis de 6000 empregos directos convírtea nun dos principais motores económicos da cidade.

III.- Que o Concello de Vigo dentro das políticas activas de emprego en todas as súas vertentes, asume a tarefa de colaborar coas entidades sociais, empresariais e empresas mais significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de fomento da empregabilidade.

IV.- Estas circunstancias así como a capacidade de PSA Peugeot Citroen Centro de Vigo para xerar emprego na cidade de Vigo e máis a súa influencia e importancia no entorno económico e empresarial, xustifican a súa concesión á citada Compañía dunha axuda económica.

V.- Que tendo en consideración o anterior, os intervincentes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita axuda, cuxo obxecto é favorecer a inserción laboral das persoas traballadoras desempregadas que presentan maiores dificultades para incorporarse ao mercado de traballo. Así, o presente convenio é o instrumento adecuado para canalizar unha axuda económica de modo directo pois defínese para situacións de interese público, social, económico ou humanitario, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007. .

VI.- Que PSA Peugeot Citroen Centro de Vigo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese público, social e económico que para a cidade de Vigo representa a actividade de PSA Peugeot Citroen Centro de Vigo, o Concello de Vigo e PSA Peugeot Citroen Centro de Vigo conveñen a súa colaboración no ámbito de Vigo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- PSA Peugeot Citroen Centro de Vigo comprométese a colaborar coa Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos do Concello de Vigo en canto a dinamización e fomento do emprego, e, concretamente, a:

- ✓ Facilitar a inserción profesional e adquisición de experiencia laboral de persoas traballadoras, preferentemente menores de 30 anos, desempregadas e inscritas como tal nas oficinas de emprego e empadroadas na cidade de Vigo, mediante a formalización de contratos de traballo para prestar actividade laboral no Centro de Producción de Vigo.
- ✓ Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- ✓ En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

- 1) Colaborar na orientación na formalización das contratacións mediante a posta a disposición si así o precisara a beneficiaria da Bolsa de Emprego dispoñible do Concello mediante a preselección dos candidatos que, en atención a demanda de emprego da beneficiaria se axusten as condicións solicitadas.
- 2) Respetar a estrutura organizativa da beneficiaria.
- 3) Conceder directamente á beneficiaria unha subvención total por importe de 300.000,00 € con cargo á partida 2410 4700000 "Plan de emprego Xuvenil" do Concello de Vigo para o ano 2015, co obxecto de subvencionar as contratacións que, cumprindo os requisitos establecidos neste documento, se formalicen dende o 1 de xaneiro de 2015 ata o 15 de novembro de 2015, ambos inclusive.

Terceiro.- Serán subvencionables, con 5.454,55 €, cada un dos contratos de traballo, en calquera das modalidades contractuais vixentes que sumen un período de seis meses, incluíndo todos os contratos e as suas prórrogas, que a beneficiaria suscriba, entre o 1 de xaneiro de 2015 ata o

15 de novembro de 2015, con persoas veciñas de Vigo, desempregadas, inscritas como tal nas oficinas do emprego, o importe total non poderá superar o importe máximo establecido no convenio.

Cuarto.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Quinto.- Se o número total de contratos subvencionados fose inferior o inicialmente previsto na concesión de presente subvención, procederá a súa redución na mesma proporción . A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.-A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sétimo.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de subvencións de Galicia.

Oitavo.- A beneficiaria, antes de 13 de decembro de 2015, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas, e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada, así como copia dos contratos de traballo e prórrogas, no seu caso, das persoas contratadas entre o 01 de xaneiro de 2015 e o 15 de novembro de 2015.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos, así como o procedemento de selección e as actividades realizadas para a preselección dos candidatos.

Noveno.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro.

Décimo.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado. O xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos pola In-

tervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

A beneficiaria deberá facilitar a Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, antes do 15 de maio de 2016, xustificación dos periodos de contratación do persoal adscrito ao presente convenio conforme o establecido no artigo terceiro.

No suposto de extinción da relación laboral temporal dalgunha persoa traballadora pola cal se concedeu a subvención, por morte ou por incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez, entenderase que non se produce incumprimento e, por tanto, non procederá o reintegro.

No suposto de que a empresa beneficiaria incumpra a obriga establecida no artigo terceiro, por cada contratación subvencionada e non substituída conforme o establecido no dito artigo procederá o reintegro da axuda concedida máis is xuros de demora

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreezación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo cuarto.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

A beneficiaria poderá exercer los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatosdo Concello de Vigo.

Décimo quinto.- A colaboración do Concello de Vigo concrétase na concesión dunha subvención formalizada mediante o presente convenio, colaboración que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa ou indirectamente pola beneficiaria.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipaise as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, a ____ de _____ de dous mil quince.

Alcalde -Presidente do Concello de Vigo, PSA Peugeot Citroen Automóviles España, S.A.

D. Abel R. Caballero Álvarez

D. Pedro María Rodríguez Rodríguez

7(1368).- PROPOSTA DESESTIMATORIA DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA DA FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓN VECIÑAIS DE VIGO “EDUARDO CHAO” PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DO ANO 2015. EXPTE. 7154/320.

Visto o informe xurídico do 5.11.15, e o informe de fiscalización do 23.11.15, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Participación Cidadá, do 30.10.15, conformado polo concelleiro-delegado da Área, que di o seguinte:

Proposta desestimatoria da subvención nominativa da Federación de Asociacións Veciñais de Vigo “Eduardo Chao” para a realización de actividades do ano 2015.

ANTECEDENTES

- Con data 28/08/2015 o concelleiro de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, asinou a orde de inicio de expediente de “Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Federación de Asociacións Veciñais de Vigo “Eduardo Chao””.
- Con data 28/08/2015, se procedeu a comunicar á Federación de Asociacións Veciñais de Vigo “Eduardo Chao”, a resolución e se lle requería a documentación necesaria para a tramitación do procedemento, que foi recibida na sede da entidade o 02/09/2015.
- Con data 03/09/2015, se enviou á entidade unha corrección de erro no importe da partida orzamentaria nominal, que foi recibida na sede da entidade o 08/09/2015.
- Dona María Asunción Pérez González, en representación da Federación de Asociacións Veciñais de Vigo “Eduardo Chao”, con data de Rexistro 16/09/2015, e número de documento 150117096 presenta documentación para a tramitación do convenio de colaboración por importe de 70.000,00 €, entre o Concello de Vigo e a Federación que representa.
- Con data de rexistro 22/09/2015 e número de documento 150120121, Dona María Asunción Pérez González, con DNI 36133187A, en representación da Federación de Asociacións Veciñais de Vigo “Eduardo Chao”, presenta escrito no que aporta entre outros:
 - Autorización ao Concello de Vigo para a expedición informática ou telemática dos certificados que acrediten estar ao corrente das súas obrigas tributarias.
 - Certificado de estar ao corrente nas súas obrigas coa seguridade social, no que non constan as codificacións informáticas, polo que non se pode considerar válido.
- Con data de saída de 23/09/2015 e recibida o mesmo día na sede da entidade, se lle realiza unha “Solicitud de emenda da documentación presentada a través dos documentos 150117096 e 150120121, no procedemento de concesión de subvención a través de convenio de colaboración”.
- Con data de rexistro 07/10/2015 e número de documento 150127376, Dona María Asunción Pérez González, con DNI 36133187A, en representación da Federación de Asociacións Veciñais de Vigo “Eduardo Chao”, presenta escrito de emenda conforme á solicitude realizada polo servizo de Participación e Atención Cidadá, no que sin entrar no análise dalgunhas das consideracións vertidas no mesmo, se aprecia:

- Con relación ao punto 1.- Declaracións responsables do/a representante da entidade:
 - A través do documento núm. 150127376 achegan as declaracións debidamente cumprimentadas e asinadas pola representante legal, polo que, debe considerarse emendado este defecto.
- Con relación ao punto 2.- Certificados orixinais ou copias compulsadas, conforme a entidade se atopa ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias coa facenda do Concello de Vigo e coa Seguridade Social
 - A interesada achega os certificados de non ter obrigas pendentes coa Facenda da Xunta de Galicia e coa Seguridade Social, encomendando a esta administración a solicitude do certificado de ámbito municipal e estatal.
 - Solicitadas as certificacións de non ter debedas tributarias, conforme a autorización asinada pola representante da Federación de Asociacións Veciñais de Vigo “Eduardo Chao”, as mesmas das os seguintes resultados:
 - Concello de Vigo, positiva, non ten débedas de natureza tributaria.
 - Agencia Tributaria, NEGATIVA, incumprimento de obrigacións tributarias. Debedas Tributarias (certificado de data 19/10/2015)
- Con relación ao punto 3.- Información explicativa do desenvolvemento do Programa de actividades propostas:
 - a) *PROGRAMA I:*
 - 1. Indicar os horarios, días e período de funcionamento (meses) das oficinas de Atención ao público, Atención ás asociacións,
 - No último escrito a entidade indica que todos os servizos se desenvolven simultaneamente durante o mesmo horario diario, continuado e durante todo o ano. Non obstante, a continuación, relaciona diversas franxas de horario e períodos de funcionamento (ata 4 diferentes), incongruentes co manifestado anteriormente sen que, tampouco se indique os servizos concretos aos que corresponden as especificacións sinaladas.
 - 2. Indicar o enderezo da web da páxina denominada *Cursos FAVEC*
 - A entidade sinala que o devandito enderezo é “CURSOS FAVEC FACEBOOK”. Por este servizo, se ten comprobado que, ademais de que a dita actividade se desenvolve a través dunha páxina de subscrición gratuíta (Facebook), só presenta tres publicacións de data 16/11/2014 e ningunha actividade ao longo do ano 2015, polo que non se xustifica que soliciten financiamento, a través deste convenio, para a actividade de “creación da páxina web denominada Cursos FAVEC” (achégase impresión da páxina de Facebook “Cursos Favec” como Anexo I)
 - Non se enmenda o solicitado, polo deben excluírse das actividades obxecto deste convenio.
 - b) *PROGRAMA II:*
 - 1. Indicar as datas de inicio e finalización dos cursos: [...] *Electricidade doméstica*:
 - Sinalan que a actividade se desenvolverá nunha soa xornada pero cunha duración de 16 a 20 horas, polo que, parece tratarse dun erro.

- 2. *Indicar a duración dos cursos (horas): Monitor/a de tempo libre, Xerontoloxía, Horticultura..."*:
 - Non se indica a duración (horas) dos cursos de monitor/a de tempo libre.
 - O curso de xerontoloxía foi substituído pola formación de informática
- 4. *Indicar as datas de celebración, e participantes no "Ciclo de cursos e conferencias sobre a muller"*:
 - Indícase que a actividade foi substituída polo "Ciclo de Cursos e Conferencias de Participación Cidadá"
- 5. *Para cada un dos cursos incluídos no proxecto e xa impartidos con anterioridade á solicitude deste convenio, deben achegar o material publicitario e medio de difusión, así como, o programa das materias impartidas, e a identificación do/a monitor/a e dos/as participantes (nome, apelidos e número de teléfono)"*:
 - Non achegan o material publicitario das actividades realizadas e difiren a súa presentación ao momento de xustificación do Convenio.
 - Con respecto aos cursos, só facilitan o nome e apelidos e teléfono do monitor e participantes do curso de Monitor/a de tempo libre, pero non o programa do dito curso nin tampouco o programa, relación de participantes e monitor/a do curso de Horticultura, desenvolvido no período comprendido entre o 10 de abril e 9 de xuño
- c) *PROGRAMA III*:
 - 1. *Indicar as datas, duración, lugar de realización e participantes de todas as actividades relacionadas (xornadas, palestras, talleres, Reiki, Vigo na Rúa...)"*:
 - Exclúen das actividades do convenio: XXII Xornadas veciñais de Vigo, o Programa Vigo na Rúa
 - 2. *A data de celebración do "encontro veciñal" non se corresponde co período do convenio (2014)"*:
 - Tamén exclúen deste convenio o "Programa Encontro Veciñal"
- Con relación ao punto 4.- Orzamento de gastos derivados das actividades cuxo financiamento se solicita con cargo ao convenio e ingresos previstos presenta as seguintes deficiencias:
 - Non se indica o período ao que corresponden os gastos e ingresos. Tanto as actividades programadas como os ingresos previstos para o seu financiamento e os gastos derivados da súa execución, deben limitarse, exclusivamente, ao período xaneiro a outubro de 2015.
 - Inclúen gastos non subvencionables correspondentes ao ano 2014 ("programa de acción comunitaria)
 - Non indican os gastos concretos, dos enumerados no orzamento parcial, que se imputarán á subvención no momento da xustificación (máx. 70.000 €), debendo desagregar e concretar o obxecto de cada un deles (que persoal, que subministros, que servizos profesionais a provedores...)
 - Nos ingresos previstos para o financiamento dos gastos inclúen subvencións doutras concellerías, as cales non se poden imputar aos

gastos derivados da execución deste convenio. O carácter finalista das subvencións impide que os ingresos obtidos por esta vía se destinen a financiar gastos distintos e/ou non previstos na resolución de outorgamento.

- Os gastos para o desenvolvemento das actividades é moi superior ao importe dos ingresos previstos para o seu financiamento (excluídas as subvencións doutras concellerías), polo que, deberían ter incidido que outros ingresos se prevén para facer fronte aos mesmos.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA.

O artigo 65 do Regulamento de Subvencións (R.D. 887/2006, do 21 de xullo) , polo o que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, ao regular o procedemento de concesión das subvencións previstas nominativamente nos presupostos, dispón no seu apartado 1 que a efectos do disposto no art. 22.2 a) LXS, son subvencións previstas nominativamente nos Presupostos Xerais do Estado, das Comunidades Autónomas ou das Entidades Locais, aquelas cuxo obxecto, dotación presupostaria e beneficiario aparecen determinados expresamente no estado de gastos do presuposto. Por conseguinte, parece que, nestas subvencións, a execución do gasto subvencionado deberá coincidir co exercicio presupostario xa que van ligadas ao Presuposto anual.

Se ben o establecemento da subvención pode inscribirse no ámbito das potestades discrecionais das Administracións públicas (o apartado 6 do artigo 28 da 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, di que as propostas de resolución provisional e definitiva non crean dereito algún a favor do beneficiario proposto, fronte a la Administración, mentres non se lle teña notificado a resolución de concesión), pero unha vez que a subvención foi regulada normativamente termina a discrecionalidade e comeza a previsión regrada cuxa aplicación escapa ao puro voluntarismo de aquela, polos límites existentes á discrecionalidade de todos os actos administrativos. Este é o que se deduce entre outra das do sentenzas do TS como as de do 15 de novembro de 2005, 7 de abril de 2003 e 25 de novembro de 2003, que di que cando a Administración regula e fai pública unha convocatoria de subvencións, o particular que solicitou a subvención na forma e prazo esixidos, ten dereito a obter a subvención sempre que cumpra as condicións nela establecidas.

Os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos Presupostos Xerais do Estado, ou nos das corporacións locais, sen prexuízo do que a este respecto estableza a súa normativa reguladora, como establece o artigo 28 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e terán o carácter de bases reguladoras da concesión, como recorda o apartado 4.2 da base 38 das de execución do orzamento (No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.a) e c) da Lei 38/2003, en cumprimento do regulado no artigo 65 e 67 do Real Decreto 887/2006, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión). O apartado 3 do artigo 65 do Real Decreto 887/2006 di que o procedemento para a concesión destas subvención se iniciará de oficio polo centro xestor do crédito presupostario ao que se imputa a subvención ou a instancia do interesado e terminará coa resolución de concesión o el convenio. Neste caso o procedemento se inicia, polo que consta no expediente, con data 28/08/2015 polo servizo de Participación e Atención Cidadá do Concello de Vigo, mediante Resolución de Inicio de Expediente, asinado polo concelleiro delegado de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, para a tramitación dun convenio de colaboración por importe de 70.000,00 €, entre o Concello de Vigo e a Federación de Asociacións Veciñais de Vigo "Eduardo Chao".

Tendo en conta que á entidade NON ten subsanado nos apartados que deseguido se relacionan o requerimento de documentación do 23/09/2015:

- 2. Certificados:

- NON se atopa ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias coa Facenda Estatal e, non ten subsanado (Anexo I).
- 3. Información explicativa do desenvolvemento do Programa de actividades propostas:
 - a) PROGRAMA I:
 - 1. Indicar os horarios, días e período de funcionamento (meses) das oficinas de Atención ao público, Atención ás asociacións,
 - *No escrito a entidade indica que todos os servizos se desenvolven simultaneamente durante o mesmo horario diario, continuado e durante todo o ano. Non obstante, a continuación, relaciona diversas franxas de horario e períodos de funcionamento (ata 4 diferentes), incongruentes co manifestado anteriormente sen que, tampouco se indique os servizos concretos aos que corresponden as especificacións sinaladas.*
 - 2. Indicar o enderezo da web da páxina denominada Cursos FAVEC”
 - *A entidade sinala que o devandito enderezo é “CURSOS FAVEC FACEBOOK”. Por este servizo, se ten comprobado que, ademais de que a dita actividade se desenvolve a través dunha páxina de subscrición gratuíta (Facebook), só presenta tres publicacións de data 16/11/2014 e ningunha actividade ao longo do ano 2015, polo que non se xustifica que soliciten financiamento, a través deste convenio, para a actividade de “creación da páxina web denominada Cursos FAVEC” (achégase impresión da páxina de Facebook “Cursos Favec” como Anexo II)*
 - Non se enmenda o solicitado.
 - b) PROGRAMA II:
 - 1. Indicar as datas de inicio e finalización dos cursos: [...] Electricidade doméstica”:
 - *Sinalan que a actividade se desenvolverá nunha soa xornada pero cunha duración de 16 a 20 horas, polo que, parece tratarse dun erro.*
 - 2. Indicar a duración dos cursos (horas): Monitor/a de tempo libre, Xerontoloxía, Horticultura...”:
 - *Non se indica a duración (horas) dos cursos de monitor/a de tempo libre.*
 - *O curso de xerontoloxía foi substituído pola formación de informática*
 - 4. Indicar as datas de celebración, e participantes no “Ciclo de cursos e conferencias sobre a muller”:
 - *Indícase que a actividade foi substituída polo “Ciclo de Cursos e Conferencias de Participación Cidadá”.*
 - 5. Para cada un dos cursos incluídos no proxecto e xa impartidos con anterioridade á solicitude deste convenio, deben achegar o material publicitario e medio de difusión, así como, o programa das materias impartidas, e a identificación do/a monitor/a e dos/as participantes (nome, apelidos e número de teléfono)”:
 - *Non achegan o material publicitario das actividades realizadas e difiren a súa presentación ao momento de xustificación do Convenio.*
 - *Con respecto aos cursos, só facilitan o nome e apelidos e teléfono do monitor e participantes do curso de Monitor/a de tempo libre,*

pero non o programa do dito curso nin tampouco o programa, relación de participantes e monitor/a do curso de Horticultura, desenvolvido no período comprendido entre o 10 de abril e 9 de xuño

- c) PROGRAMA III:
 - 1. Indicar as datas, duración, lugar de realización e participantes de todas as actividades relacionadas (xornadas, palestras, talleres, Reiki, Vigo na Rúa...):
 - *Exclúen das actividades do convenio: XXII Xornadas veciñais de Vigo, o Programa Vigo na Rúa*
 - 2. A data de celebración do “encontro veciñal” non se corresponde co período do convenio (2014):
 - *Tamén exclúen deste convenio o “Programa Encontro Veciñal”*
- 4.- Orzamento de gastos derivados das actividades cuxo financiamento se solicita con cargo ao convenio e ingresos previstos presenta as seguintes deficiencias:
 - *Non se indica o período ao que corresponden os gastos e ingresos. Tanto as actividades programadas como os ingresos previstos para o seu financiamento e os gastos derivados da súa execución, deben limitarse, exclusivamente, ao período xaneiro a outubro de 2015.*
 - *Inclúen gastos non subvencionables correspondentes ao ano 2014 (“programa de acción comunitaria)*
 - *Non indican os gastos concretos, dos enumerados no orzamento parcial, que se imputarán á subvención no momento da xustificación (máx. 70.000 €), debendo desagregar e concretar o obxecto de cada un deles (que persoal, que subministros, que servizos profesionais a provedores...)*
 - *Nos ingresos previstos para o financiamento dos gastos inclúen subvencións doutras concellerías, as cales non se poden imputar aos gastos derivados da execución deste convenio. O carácter finalista das subvencións impide que os ingresos obtidos por esta vía se destinen a financiar gastos distintos e/ou non previstos na resolución de outorgamento.*
 - *Os gastos para o desenvolvemento das actividades é moi superior ao importe dos ingresos previstos para o seu financiamento (excluídas as subvencións doutras concellerías), polo que, deberían ter incidido qué outros ingresos se prevén para facer fronte aos mesmos.*

Nos convenios que regulen gastos que teñan a consideración de subvencións ou transferencias, a súa xustificación someterase á presentación de documentación e xustificantes esixidos con carácter xeral para o réxime de subvencións, quedando sometido ao mesmo o contido do previsto no Capítulo III do Real Decreto 887/2006, a lei 38/2003, a lei 9/2007, de Subvencións de Galicia e Base 38ª das de Execución do Orzamento, e o expediente de outorgamento deberá incorporar as preceptivas certificacións de estar ao corrente nas obrigas de pagamento coa Tesourería Xeral da SS.SS., AEAT e Tesourería Municipal e se fose o caso, cos OO.AA dependentes da mesma e, transcorrido o prazo de emenda da documentación presentada, a mesma non cumpre cos requisitos necesarios para continuar coa tramitación do expediente, polo que se debe ter por desistido, e se procede a tramitar a resolución correspondente conforme ao establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Polos motivos expostos o funcionario que subscribe e conforme ao informe xurídico solicitado, propón a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Ter por desistida á Federación de Asociacións Veciñais de Vigo “Eduardo Chao”, na tramitación do convenio de colaboración con Concello de Vigo, por non ter subsanada a documentación solicitada no prazo establecido.

Segundo: Notificar a resolución á Federación de Asociacións Veciñais de Vigo “Eduardo Chao”, con indicación de que contra a mesma de que contra a mesma poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 116 e 117 da Lei 30/92, de RXAP e PAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

Acordo

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(1369).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE PARA A CONSTRUCCIÓN DA PISTA DE PETANCA NA AA VV FEIRA-CABRAL. EXPTE. 8569/446.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 03/12/2015, do enxeñeiro de Montes, conformado polo concelleiro-delegado de área que di o seguinte:

“Obra: “CONSTRUCCIÓN DE PISTA DE PETANCA EN AAVV FEIRA-CABRAL”. Expte. 8400/446

Localidade e situación: Cabral-Feira

Órgano de Contratación: CONCELLO DE VIGO.

Autor do proxecto: D. LUIS VILAR MONTORO (VILAR MONTORO INGENIERÍA, SL.)

Dirección facultativa: D. LUIS VILAR MONTORO (VILAR MONTORO INGENIERÍA, SL.)

Contratista titular do plan: DESARROLLA INFRAESTRUCTURAS

Autor do estudo de seguridade e saúde ou do estudo básico: D. LUIS VILAR MONTORO (VILAR MONTORO INGENIERÍA, SL.).

Autor do plan de seguridade e saúde no traballo: Ramón Maceiras Lago

CARMONA BORREGO	DANIEL	46885865C	6/13
CASTRO GONZÁLEZ	JORGE LUIS	36138102L	13
CEA AGULLA	ÁLVARO	36168823N	4/13
COMESAÑA ABALDE	IVÁN	36127286J	7/13
CRUZ RÍOS	AARÓN	53611086H	13
DÍAZ ARÉVALO	REMI	34988550F	7/13
DOMÍNGUEZ MIGUELÉZ	MIGUEL	39455333Y	13
FARO DEL PICO	SERGIO	36160514Y	13
FERNÁNDEZ GARCÍA	ÓSCAR	33541807X	13
FERNÁNDEZ VÁZQUEZ	GABRIEL	44475995K	13
FIGUEROA RODRÍGUEZ	JUAN JOSÉ	36150498H	7/13
FILIFE AGOSTINHO	MAURO IRAQUIANO	54430158Z	7/13
FOLGUEIRA GUERRA	DANILO	33550988Z	6/13
FUENTE IGLESIAS	JUAN JOSÉ DE LA	44454541A	13
GARCÍA SÁNCHEZ	DIEGO	36158237Y	13
GARRIDO SANZ	JOSÉ LUIS	70244595L	13
GOBERNA MARTÍNEZ	ELIO	39458579D	13
GONZÁLEZ CONDE	ANTONIO	44848466F	4/13
GONZÁLEZ COTO	JUAN	36152981V	13
GONZÁLEZ POSADA	JUAN DIEGO	53177655E	13
HERNÁNDEZ VILLAVERDE	ÓSCAR	76927934H	6/7/13

APELIDOS	NOME	DNI	CAUSA
JIMÉNEZ ALONSO	GABRIEL	76992255P	13
LAGO BARCIELA	DIEGO	77006677D	13
LAGO PEREIRA	MIGUEL	39465342X	13
LARRAÑAGA PÉREZ	FRANCISCO JAVIER	53179933T	13
LEBOSO MORAIS	MOISÉS ALFREDO	76897968K	7/13
LEITES FERNÁNDEZ	JAIME	444448776B	7/13
LEYENDA ÁLVAREZ	ÁNGEL	53189479R	13
LÓPEZ DIEZ	DANIEL	53554196F	13
LÓPEZ RUIZ-RUANO	JAVIER	44460443V	13
LÓPEZ VÁZQUEZ	CHRISTIAN	33553841S	13
LORENZO FERNÁNDEZ	BRAIS	35579124X	7/13
LORENZO NOVOA	JESÚS	44451254M	13
LOUREIRO BADA	JOSÉ	36084193E	13
MARTÍNEZ GONZÁLEZ	ISMAEL	35565873F	13
MARTÍNEZ LAGES	GERSON	53171038Y	7/13
MARTÍNEZ LEMOS	PABLO	53175492K	7/13
MERINO CARRERA	FERNANDO	76905066N	4/7/13
MOLDES GARCÍA	ÁNGEL	44077466J	13
MONTERO RODRÍGUEZ	CARLOS	34875559S	13
PARADELA FERREIRA	FERNANDO	76997076E	4/13
PENA GÓMEZ	DARÍO	53118030J	6/7/13
PÉREZ SANTIAGO	DAVID	71673471C	13
PÉREZ SANTIAGO	JORGE	45433864D	13
PRIETO NIÑO	SANTIAGO	72581100T	7/13
RECAMÁN HERMIDA	JOSÉ CARLOS	44083230G	7/13
REINALDO LÓPEZ	NÉSTOR	53171919J	13
RIAL DEL RÍO	ÓSCAR	46900549F	13
RIAL SÁNCHEZ	RUBÉN	36161658T	7/13
RODRÍGUEZ LARAY	ENRIQUE	47039001E	13
RODRÍGUEZ PIMENTEL	PATRICK	76966261G	13
ROSALES CARAZO	ADRIÁN	77009198T	13
SALGUEIRO FERNÁNDEZ	RODOLFO	36137422Y	13
SAYAR IBARREZ	VICENTE	77000851W	13
SILVARREY SÁNCHEZ	ALBERTO	53531840F	7/13
SOUTO FIGUEIRA	JUAN CARLOS	45872675A	7/13
TAFUR PERAL	JANO	50894849N	7/13
TORRE FUSTES	JAVIER DE LA	46899403B	13
UCHA MARTÍNEZ	EZEQUIEL	44485937G	7/13
VALVERDE RÍOS	CHRISTIAN	53184389V	13
VICENTE GÓMEZ	JORGE	71120138K	13

**OFICIAL CONDUTOR/A
QUENDA LIBRE**

APELIDOS	NOME	DNI	CAUSA
ÁLVAREZ CID	MARCOS	76898778A	2/6
AMOEDO SOTELINO	JAVIER	35557734X	4/6
DOMÍNGUEZ DURÁN	FÉLIX	36064228K	6
FERNÁNDEZ AMEJEIRA	VICENTE	34874186E	4/6
FERREIRA FREIRE	FRANCISCO	36082308T	4/6
FOUZ ARES	MARÍA JESÚS	33538869Q	6

APELIDOS	NOME	DNI	CAUSA
HERNÁNDEZ PÉREZ	RAFAEL	36093380D	4/6
IGLESIAS MARTÍNEZ	SERGIO	36064420Y	4/6
JIMÉNEZ BERMEJO	AGUSTÍN	75126091H	6
JUSTO RIVERO	FERNANDO	76726194B	6
LOUREIRO ARES	JORGE	44091493X	6
MARTÍNEZ GERMADE	FRANCISCO JOSÉ	78734409G	6
MARTÍNEZ GONZÁLEZ	JOSÉ ANTONIO	36054772H	4/6
RÍO SOLLA	JUAN JOSÉ DEL	73241326B	6
SARMIENTO GONZÁLEZ	MANUEL ANTONIO	36105778X	4/6
SOUTO SIEIRO	MANUEL	35466161T	6
VÁZQUEZ RODRÍGUEZ	JAVIER	46732412T	4
VÁZQUEZ RODRÍGUEZ	RAMÓN ALBERTO	36147313F	6
VIDAL SOAGE	DOMINGO FERNANDO	36083123X	6

**INSPECTORÍA DE MEDIO AMBIENTE
PROMOCIÓN INTERNA**

APELIDOS	NOME	DNI	CAUSA
CID GONZÁLEZ	ALBERTO	36089878A	12
GALEGO SÁNCHEZ	MARÍA CARMEN	36028052R	12
PEREIRA FONA	JUAN JOSÉ	36074823J	12

CORRESPONDENCIAS DOS CÓDIGOS NUMÉRICOS

- (1) *Por presentación da solicitude fora do prazo establecido ao efecto.*
- (2) *Por falta de sinatura da solicitude de admisión ás correspondentes probas selectivas.*
- (3) *Por non acreditación do pagamento dos dereitos de exame, mediante orixinal ou copia compulsada acreditativa do ingreso.*
- (4) *Por non acreditación da identidade mediante copia do DNI.*
- (5) *Por non declaración de reunir as condicións e requisitos esixidos para o ingreso na función pública e na praza á que aspira , segundo o establecido na Base Cuarta das Xerais da convocatoria, e nas Bases Específicas de cada praza mediante declaración xurada ao efecto.*
- (6) *Por non acreditar ou, a lo menos, manifestar estar en posesión dos permisos de conducir C+E con BTP, solicitados na Base IV das Específicas da convocatoria de Conductor-Bombeiro; por non acreditar ou, a lo menos, manifestar estar en posesión dos permisos de conducir C+E e D+E solicitados na Base IV das Específicas da convocatoria de Oficial Conductor.*
- (7) *Por deficiencias no certificado médico presentado, consistentes en:*
 - *non presentación do certificado médico oficial esixido nas bases da convocatoria, ou no seu caso, non achega do orixinal ou copia compulsada do mesmo.*
 - *non constancia no certificado médico de que se reúnen as condicións físicas necesarias para a realización dos exercicios físicos establecidos nas bases da convocatoria.*
- (8) *Por non aportar certificación conforme reúne unha discapacidade igual ou superior ao 33% esixida na Base IV das Xerais e III das Específicas.*
- (9) *Por non acreditar mediante certificado expedido ao efecto polos órganos competentes, a compatibilidade do grao de discapacidade co posto de traballo ao que se solicita concorrer, esixido na Base IV das Xerais da convocatoria.*
- (10) *Por non ser persoal funcionario de carreira ou persoal laboral fixo deste Concello.*
- (11) *Por non acreditar mediante acto administrativo ao efecto o desempeño de funcións de persoal funcionario de subalterno e, persoal funcionario e laboral fixo integrado no*

- grupo transitorio E que desempeñe funcións de persoal funcionario de auxiliar administrativo.*
- (12) *Por non acreditar o desempeño de funcións de inspección segundo establecen as bases da convocatoria.*
 - (13) *Pola caducidade de certificado médico oficial (3 meses segundo criterio dos Colexios Oficiais de Médicos).*
 - (14) *Por non acreditación ou manifestación de estar en posesión da titulación esixida nas Bases Específicas de cada convocatoria.*

Segundo.- De conformidade co previsto no artigo 71 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, os aspirantes excluídos dispoñen de un prazo de emenda de deficiencias, achega de documentación e recusación dos membros dos órganos de selección de **10 días hábiles**, contados dende o seguinte ao da publicación do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia; emenda que deberá realizarse inescusablemente mediante a presentación da documentación no Rexistro Xeral do Concello de Vigo ou nas demais formas que determina o artigo 38 da citada Lei, no modelo de solicitude que figura como anexo ao presente acordo, advertíndoselle que de non facelo serán declarados definitivamente excluídos.

Unha vez resoltas as reclamacións, a relación definitiva de admitidos publicarase no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na páxina web do concello (www.vigo.org), sen necesidade de novo anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Terceiro.- Dar conformidade á proposta para a designación dos membros integrantes dos órganos de selección, lugares e datas de celebración dos exercicios correspondentes, efectuada polo Concelleiro-delegada de Área de Xestión Municipal e Persoal, contida en Instrución de data 01/12/2015, acordando que os órganos de selección quedarán integrados polos seguintes membros:

Presidente.-

Técnico/a de Administración Xeral: Titular: D. Xesús Costas Abreu, Técnico de Administración Xeral do Concello de Vigo. Suplente: D^a. Susana García Álvarez, Técnica de Administración Xeral do Concello de Vigo.

Auxiliar de Administración Xeral: Titular: D^a. M^a Jesús Magdalena Vila, Técnica de Administración Xeral do Concello de Vigo. Suplente: D^a. M^a Carmen Pintado García, Técnica de Administración Xeral do Concello de Vigo.

Alguacil: Titular: D. Ezequiel Fernández Carpintero, Técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos do Concello de Vigo. Suplente: D^a. Sonia Estrada Ibáñez, Técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos do Concello de Vigo.

Enxeñeiro/a Técnico/a Industrial: Titular: D. Gustavo Rodríguez Bartol, Técnico de Administración Xeral do Concello de Vigo. Suplente: D. Pablo Olmos Pita, Técnico de Administración Xeral do Concello de Vigo.

Diplomado/a en Traballo Social: Titular: D^a. Sonia Estrada Ibáñez, Técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos do Concello de Vigo. Suplente: D^a. Mónica Domínguez Estévez, Técnica de Administración Xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo.

Técnico/a Medio/a de Igualdade: Titular: D. Jesús Núñez-Torrón López, Analista de Laboratorio do Concello de Vigo. Suplente: D^a. Ángela López Fernández, Técnica de Administración Xeral do Concello de Vigo.

Inspector/a Principal Policía Local: Titular: D. Francisco Martínez Muñoz, Intendente da Policía Local do Concello de Vigo. Suplente: D. Alberto Carballo Acuña, Intendente da Policía Local do Concello de Vigo.

Cabo Extinción Incendios: Titular: D^a. Susana García Álvarez, Técnica de Administración Xeral do Concello de Vigo. Suplente: D. Secundino Otero Faílde, Técnica de Administración Xeral do Concello de Vigo.

Bombeiro/a: Titular: D. Guillermo Domínguez López, Oficial SEIS do Concello de Vigo. Suplente: D. Antonio Vivero Mijares, Licenciado en Dereito do Concello de Vigo.

Condutor/a Bombeiro/a: D. Guillermo Domínguez López, Oficial SEIS do Concello de Vigo. Suplente: D. Antonio Vivero Mijares, Licenciado en Dereito do Concello de Vigo.

Oficial Condutor/a: Titular: D. Ezequiel Fernández Carpintero, Técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos do Concello de Vigo. Suplente: D^a. Sonia Estrada Ibáñez, Técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos do Concello de Vigo.

Oficial Xardineiro/a: Titular: D. Francisco Gutiérrez Orúe, Analista de Informática. Suplente: D. Ezequiel Fernández Carpintero, Técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos do Concello de Vigo.

Inspector/a de Medio Ambiente: Titular: D. Secundino Otero Faílde, Técnico de Administración Xeral do Concello de Vigo. Suplente: D^a. Marta Riobó Ibáñez, Técnica de Administración Xeral do Concello de Vigo.

Secretario/a .-

Técnico/a de Administración Xeral: Titular: D^a. María Dapena Gómez, Técnico de Administración Xeral do Concello de Vigo. Suplente: D^a. M^a. del Carmen Pazos Area, Técnica de Administración Xeral do Concello de Vigo.

Auxiliar de Administración Xeral: Titular: D. Lucio Varela Borreguero, Técnico de Administración Xeral do Concello de Vigo. Suplente: D^a. D^a. M^a. del Carmen Pazos Area, Técnica de Administración Xeral, xefa do Servizo de Inspección de Tributos do Concello de Vigo.

Alguacil: Titular: D. Manuel A. Córdoba Ardao, Técnico de Administración Xeral do Concello de Vigo. Suplente: D^a. M^a. del Carmen Pintado García, Técnica de Administración Xeral do Concello de Vigo.

Enxeñeiro/a Técnico/a Industrial: Titular: D^a. Mónica Domínguez Estévez, Técnica de Administración Xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo. Suplente: D^a. Lorena López Rodríguez, Técnica de Administración Xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo.

Diplomado/a en Traballo Social: Titular: D^a. María José Loureiro Bada, Técnica de Administración Xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo. Suplente: D. Gustavo Rodríguez Bartol, Técnico de Administración Xeral do Concello de Vigo.

Técnico/a Medio/a de Igualdade: Titular: D. Gustavo Rodríguez Bartol, Técnico de Administración Xeral do Concello de Vigo. Suplente: D^a. Susana García Álvarez, Técnica de Administración Xeral do Concello de Vigo.

Inspector/a Principal Policía Local: Titular: D^a. M^a Concepción Campos Acuña, Secretaria da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo. Suplente: D. Secundino Otero Faílde, Técnico de Administración Xeral do Concello de Vigo.

Cabo Extinción Incendios: Titular: D. Gustavo Rodríguez Bartol, Técnico de Administración Xeral do Concello de Vigo. Suplente: D. Pablo Olmos Pita, Técnico de Administración Xeral do Concello de Vigo.

Bombeiro/a: Titular: D^a. M^a Carmen Pintado García, Técnica de Administración Xeral do Concello de Vigo. Suplente: D^a. Marta Riobó Ibáñez, Técnica de Administración Xeral do Concello de Vigo.

Condutor/a Bombeiro/a: D. D^a. M^a. del Carmen Pazos Area, Técnica de Administración Xeral do Concello de Vigo. Suplente: D. Manuel A. Córdoba Ardao, Técnico de Administración Xeral do Concello de Vigo.

Oficial Condutor/a: Titular: D. Lucio Varela Borreguero, Técnico de Administración Xeral do Concello de Vigo. Suplente: D^a. Marta Riobó Ibáñez, Técnica de Administración Xeral do Concello de Vigo.

Oficial Xardineiro/a: Titular: D^a. Marta Riobó Ibáñez, Técnica de Administración Xeral do Concello de Vigo. Suplente: D^a. Beatriz Barbará Rodríguez, Técnica de Administración Xeral do Concello de Vigo.

Inspector/a de Medio Ambiente: Titular: D. Ramón A. Hermida-Cachalvite Vázquez, Técnico de Administración Xeral do Concello de Vigo. Suplente: D^a. Susana García Álvarez, Técnica de Administración Xeral do Concello de Vigo.

Vogais.-

Técnico/a de Administración Xeral:

- 1º Titular: D. D^a. Marta Riobó Ibáñez, Técnica de Administración Xeral do Concello de Vigo.
Suplente: D^a. Lorena López Rodríguez, Técnica de Administración Xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo.
- 2º Titular: D. Jesús Marcial Méndez Magán, Técnico de Administración Xeral do Concello de Ourense.
Suplente: D. José Francisco González Neira, Técnico de Administración Xeral do Concello de Pontevedra.
- 3º Titular: D. Pablo Grande Seara, Doutor en Dereito Público da Universidade de Vigo.
Suplente: D^a. Teresa Martínez Táboas, Doutora en Dereito Público da Universidade de Vigo.

Auxiliar de Administración Xeral:

- 1º Titular: D^a. Ana Martín Herrero, Técnica Media de Servizos Económicos da Xerencia Municipal de Urbanismo.
Suplente: D^a. M^a. Mar Fernández Álvarez, Administrativa do concello de Vigo.
- 2º Titular: D. José González Vázquez, Administrativo do concello de Pontevedra.
Suplente: D. Luis Fernando Álvarez Vilariño, Administrativo do concello de Pontevedra.

- 3º Titular:** D. Mónica Caramés Vázquez, Administrativa do concello de Vigo.
Suplente: D. Laura Amez Muras, Administrativa da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo.

Alguacil:

- 1º Titular:** D^a. Rosa Teresa Vázquez Álvarez, Oficial Conserxe do concello de Vigo.
Suplente: D^a. M^a Ángeles González Peinado, Subalterna do Concello de Vigo.
- 2º Titular:** D^a. Rosa Sancecilio Viéitez, Administrativa do Concello de Vigo.
Suplente: D^a. Fátima Lamas González, Alguacil-Notificadora do Concello de Vigo.
- 3º Titular:** D. José Vicente Comesaña Trigo, Administrativo do Concello de Vigo.
Suplente: D^a. Iolanda Alonso Regueiro, Auxiliar de Administración Xeral do Concello de Vigo.

Enxeñeiro/a Técnico/a Industrial:

- 1º Titular:** D. Álvaro cresco Casal, Enxeñeiro Industrial do Concello de Vigo.
Suplente: D. Manuel Monroy Castro, Enxeñeiro Técnico Industrial do Concello de Vigo.
- 2º Titular:** D. Ángel Manuel Fernández Vilán, Enxeñeiro industrial, profesor titular da Escola de Enxeñeiros Industriais da Universidade de Vigo.
Suplente: D. Santiago Cereijo Fernández, Enxeñeiro industrial, profesor da Universidade de Vigo.
- 3º Titular:** D. José Néstor Padrón Cibeira, Enxeñeiro Técnico Industrial da Xerencia Municipal de Urbanismo.
Suplente: D. José Carlos Vázquez Míguez, Técnico Medio de Servizos Económicos do Concello de Vigo.

Diplomado/a en Traballo Social:

- 1º Titular:** D^a. Pilar Carneiro Miniño, Diplomada en Traballo Social do Concello de Vigo.
Suplente: D^a. Teresa Salvadores Canedo, Diplomada en Traballo Social do Concello de Vigo.
- 2º Titular:** D^a. Beatriz Leclere Rodríguez, Diplomada en Traballo Social do Concello de Pontevedra.
Suplente: D^a. Vanesa Estévez Baquero, Diplomada en Traballo Social do Concello de Pontevedra.
- 3º Titular:** D^a. Esther González Pillado, Catedrática de Dereito Procesual da Universidade de Vigo.
Suplente: D. Pablo Grande Seara, Doutor en Dereito Público da Universidade de Vigo.

Técnico/a Medio/a de Igualdade:

- 1º Titular:** D^a. Ana Kowalski Bianchi, Licenciada en dereito do Concello de Vigo.
Suplente: D^a. Pilar Díaz de Bustamante, Técnica Media de Actividades Sociais do Concello de Vigo.
- 2º Titular:** D^a. Margarita Pardo Fontán, Licenciada en Dereito, Directora do Centro de Información á Muller do Concello de Gondomar.
Suplente: D^a. Gloria M^a Novo Moreira, Diplomada en Traballo Social da Concellería da Muller do Concello de Santiago de Compostela.
- 3º Titular:** D^a. Erea Martínez Ramos, Diplomada en Traballo Social do Concello de Vigo.
Suplente: D^a. Montserrat García García, Diplomada en Traballo Social do Concello de Vigo.

Inspector/a Principal Policía Local:

- 1º Titular: D. Jorge Souto Galán, Intendente da Policía Local do Concello de A Coruña.
Suplente: D. Lois Alberto Casas Curro, Inspector Xefe da Policía Local do Concello de Moaña.
- 2º Titular: D^a. Carmen Roca López, Inspectora Principal da Policía Local do Concello de Vilagarcía de Arousa.
Suplente: D. Jesús Pérez Martínez, Inspector Principal da Policía Local do Concello de Santiago de Compostela.
- 3º Titular: D. José Manuel González Abal, Inspector Principal da Policía Local do Concello de Pontevedra.
Suplente: D. Daniel Macenlle Díaz, Intendente da Policía Local do Concello de Pontevedra.

Cabo Extinción Incendios:

- 1º Titular: D. Ángel González Pillado, Enxeñeiro Técnico Industrial da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo.
Suplente: D. José Néstor Padrón Cibeira, Enxeñeiro Técnico Industrial da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo.
- 2º Titular: D. José Ramón Baliñas Freire, Cabo SEIS do Concello de Santiago de Compostela.
Suplente: D. Xoan Carlos Somoza Viturro, Cabo SEIS do Concello de Santiago de Compostela.
- 3º Titular: D. Juan Carlos Illán Lombao, Cabo SEIS do Concello de Vigo.
Suplente: D. José Luis Fernández Cabaleiro, Cabo SEIS do Concello de Vigo.

Bombeiro/a:

- 1º Titular: D. José Néstor Padrón Cibeira, Enxeñeiro Técnico Industrial da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo.
Suplente: D. Ángel González Pillado, Enxeñeiro Técnico Industrial da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo.
- 2º Titular: D. Ángel Paz Bermúdez, Cabo SEIS do Concello de Santiago de Compostela.
Suplente: D. Diego Alberte Otero, Cabo SEIS do Concello de Pontevedra.
- 3º Titular: D. Justo Alonso Villar, Cabo SEIS do Concello de Vigo.
Suplente: D. Manuel Otero Martínez, Bombeiro do Concello de Vigo.

Condutor/a Bombeiro/a:

- 1º Titular: D. Eugenio Falque Fontán, Oficial Condutor do Concello de Vigo.
Suplente: D. Jesús Carballo Magariños, Oficial Condutor do Concello de Vigo.
- 2º Titular: D. Celso Novoa González, Condutor-Bombeiro do Concello de Ourense.
Suplente: D. José Manuel Enríquez Molinos, Cabo SEIS do Concello de Ourense.
- 3º Titular: D. David Mosquera Estévez, Bombeiro do Concello de Vigo.
Suplente: D. Emilio Días de la Iglesia, Bombeiro do Concello de Vigo.

Oficial Condutor/a:

- 1º Titular: D. Saturnino Jardón Losada, Condutor-Bombeiro do Concello de Vigo.
Suplente: D. José Carlos Illán Lombao, Cabo SEIS do Concello de Vigo.
- 2º Titular: D. Juan Carlos Peón Justo, Oficial de Oficios do Concello de Pontevedra.
Suplente: D. Manuel Cancela Outeda, Mestre Xardineiro do Concello de Pontevedra.

3º Titular: D. Alberto Martíns Fernández, Oficial Conductor do Concello de Vigo.
Suplente: D. Javier Fernández Riveiro, Oficial Conductor do Concello de Vigo.

Oficial Xardineiro/a:

- 1º Titular:** D. Rafael Lage Veiga, Enxeñeiro de Montes do Concello de Vigo.
Suplente: D. Gilberto Moldes Crespo, Enxeñeiro Técnico Agrícola do Concello de Vigo.
- 2º Titular:** D. Manuel Cancela Outeda, Xefe Unidade Operativa do Concello de Pontevedra.
Suplente: D. Jaime Capelo Ríos, Conductor-Mecánico do Concello de Pontevedra
- 3º Titular:** D. Guillermo Alonso Carrera, Oficial de Instalacións Municipais do Concello de Vigo.
Suplente: D. Roberto Varela Estévez, Oficial Xardineiro do Concello de Vigo.

Inspector/a de Medio Ambiente:

- 1º Titular:** D. Jesús Núñez-Torrón López, Analista de Laboratorio do Concello de Vigo.
Suplente: D. Rafael Lage Veiga, Enxeñeiro de Montes do Concello de Vigo.
- 2º Titular:** D. Óscar Couce Senra, Técnico de Xestión do Concello de Vigo.
Suplente: D^a. Dolores Bernárdez Fernández, Analista de Laboratorio do Concello de Vigo.
- 3º Titular:** D. Eugenio Costas Riveiro, Técnico Medio de Laboratorio do Concello de Vigo.
Suplente: D^a. Rocío Lago Carrera, Analista de Laboratorio do Concello de Vigo.

Cuarto.- En igual senso, dispoñer que as datas e lugares de celebración do primeiro exercicio de cada un dos procesos selectivos serán os seguintes:

Técnico/a de Administración Xeral: Mércores 3 de febreiro de 2016 ás 17:00 horas na Aula da Policía Local, sita na Policía Local de Vigo, en Praza do Rei nº1, 36202 de Vigo.

Auxiliar de Administración Xeral Promoción Interna: Xoves 21 de xaneiro de 2016 ás 12:00 horas na Sala Anexa ao Pleno, sita no primeiro andar da Casa do Concello.

Auxiliar de Administración Xeral Quenda Libre: Sábado 23 de xaneiro de 2016 ás 12:00 horas no Instituto Feiral de Vigo (IFEVI), sito na Avda. do Aeroporto, núm. 772 (Cotogrande).

Alguacil: Xoves 14 de xaneiro de 2016 ás 12:00 horas na Sala Anexa ao Pleno, sita no primeiro andar da Casa do Concello.

Enxeñeiro/a Técnico/a Industrial: Mércores 27 de xaneiro de 2016 ás 18:00 horas na Aula da Policía Local, sita na Policía Local de Vigo, en Praza do Rei nº1, 36202 de Vigo.

Diplomado/a en Traballo Social: Sábado 23 de xaneiro de 2016 ás 18:00 horas no Instituto Feiral de Vigo (IFEVI), sito na Avda. do Aeroporto, núm. 772 (Cotogrande).

Técnico/a Medio/a de Igualdade: Xoves 28 de xaneiro de 2016 ás 18:00 horas na Aula da Policía Local, sita na Policía Local de Vigo, en Praza do Rei nº1, 36202 de Vigo.

Inspector/a Principal Policía Local: Venres 29 de xaneiro de 2016 ás 17:00 horas na Aula da Policía Local, sita na Policía Local de Vigo, en Praza do Rei nº1, 36202 de Vigo.

Cabo Extinción Incendios: Xoves 11 de febreiro de 2016 ás 18:00 horas na Aula da Policía Local, sita na Policía Local de Vigo, en Praza do Rei nº1, 36202 de Vigo.

Bombeiro/a: luns 1 de febreiro de 2016 ás 08:30 horas no Ximnasio Municipal, sito na Rúa do Carme, da cidade de Vigo.

Condutor/a Bombeiro/a: martes 2 de febreiro de 2016 ás 08:30 horas no Ximnasio Municipal, sito na Rúa do Carme, da cidade de Vigo.

Oficial Condutor/a: Martes 9 de febreiro de 2016 ás 18:00 horas na Aula da Policía Local, sita na Policía Local de Vigo, en Praza do Rei nº1, 36202 de Vigo.

Oficial Xardineiro/a: Martes 19 de xaneiro de 2016 ás 12:00 horas na Sala Anexa ao Pleno, sita no primeiro andar da Casa do Concello.

Inspector/a de Medio Ambiente: Luns 11 de xaneiro de 2016 ás 12:00 horas na Sala Anexa ao Pleno, sita no primeiro andar da Casa do Concello.

Para o suposto de modificación dos lugares e datas de celebración das probas dos procesos selectivos derivados das Ofertas de Emprego Público correspondentes aos anos 2010 e 2011, habilitase expresamente ao Concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal para dispoñer tales cambios por resolución do mesmo.

Quinto.- Informar aos/ás aspirantes que as probas efectuaranse en chamamento único, quedando excluídos os/as aspirantes que non concorran. Deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI ou documento equivalente acreditativo de identidade, así como dos medios materiais adecuados e necesarios para a práctica das probas. Os sucesivos anuncios publicaranse exclusivamente no Taboleiro de Editos da Casa do Concello, nos lugares onde se celebren as probas e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende a publicación do mesmo, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(1375).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE DOUS/DÚAS OFICIAIS SEPULTUREIROS, BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ARTIGO 10.1.D) DO RD LEXISLATIVO 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO, POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI DO EBEP, POR UN PERÍODO MÁXIMO DE SEIS MESES. EXPTE. 27348/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 1.12.15, dáse conta do informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 27.11.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, que di o seguinte:

Antecedentes:

Con data 11 de setembro de 2015, o Xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, coa conformidade da Concelleira-Delegada da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable, solicita o nomeamento urxente por acumulación de tarefas de dous/dúas oficiais sepultureiros/as, pola escaseza de RR.HH existentes no Servizo para cubrir os servizos nos oito cemiterios municipais, debido o aumento das cremacións, que deu lugar a un incremento importante das exhumacións, agravado polas baixas de enfermidade coas que conta na actualidade, as horas de representación sindical de tres oficiais do Servizo e, a minoración dunha praza que se adscribiu a outro servizo municipal consecuencia da adaptación de funcións en aplicación da Lei de Prevención de Riscos laborais.

O concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, a través de instrución de servizo de data 24 de novembro actual, prestou conformidade a referida proposta, autorizando o urxente nomeamento interino dun dos oficiais sepultureiros por acumulación de tarefas solicitados, previstos no artigo 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Cemiterios, nos termos da solicitude do seu Xefe de Servizo de data 11/09/2015.

En execución da última oferta de emprego público deste Concello tiveron lugar as probas selectivas para a cobertura en réxime laboral fixo dun/dunha praza de Oficial sepultureiro/a, pola quenda libre, figurando na acta do tribunal de data 21 de outubro de 2011 a correspondente proposta de contratación, formalizando contrato laboral fixo con data 1 de febreiro de 2012, trala autorización da Xunta de Goberno Local de 13 de xaneiro anterior. Na referida proposta do Órgano de Selección, figura a relación dos seis aspirantes que a efectos do previsto no artigo 61.8 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, tendo superadas todas e cada unha das probas de que constou a oposición, e, de conformidade coas bases xerais da convocatoria pasen a formar parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados/as ou contratadas como persoal interino ou laboral. Neste intre un dos seis aspirantes da lista atópase fora da mesma por ter renunciado en dúas ocasións a formalización de ámbolos dous nomeamentos interinos neste Concello.

Seguindo estritamente a orde da lista a que se refire o parágrafo anterior e consultados os datos obrantes neste Servizo, corresponde o nomeamento como oficiais sepultureiros do aspirante nº 4 - D. JOSÉ JUAN QUINTAS PÉREZ, DNI 36.055.110-B e, nº 3-D. ALBERTO COSTAS VILLAR, DNI 36.125.172-S, que aceptaron expresamente mediante escritos de data 25 de novembro pasado, optar ao referido nomeamento interino por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Servizo de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto, significando que nesta data ningún/ningunha outro/a aspirante reúne os requisitos para ser novamente nomeado, ben por renuncia ou por que aínda non cumpren o período mínimo de seis meses dende que finalizou o último nomeamento por acumulación de tarefas como oficiais sepultureiros, tal e como establece o artigo 10.1.d) do referido R.D. Lexislativo 5/2015 (TREBEP).

Consultados os datos obrantes no programa informático de xestión de persoal, verifícase que os aspirantes propostos levan mais de seis meses dende que remataron o seu último nomeamento interino como oficial sepultureiro (art. 10.1.d) do TREBEP, expte. 25785/220 aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 07/11/14, rematando o mesmo en data 10/11/2014, polo que están en condicións de ser novamente nomeados desde o oasi 10 de novembro de 2015.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 3 de marzo de 2008, aprobou acordo relativo a aprobación das normas reguladoras do funcionamento das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 24 de abril de 2009, modificou o artigo 3 das “Normas Reguladoras do funcionamento das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo”, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, nº 70, do venres 11, en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento e Interpretación en sesión celebrada o 7 de abril de 2009, engadindo á dita previsión o seguinte parágrafo:

“Cando se proceda á provisión con carácter interino dunha praza vacante ao abeiro do disposto no artigo 10.1, apartado a) da Lei 7/2007, do 12 de abril, efectuarase o chamamento á primeira persoal da lista de reserva, incluíndo ás que se atopen prestando servizos no Concello de Vigo nalgunha das modalidades contempladas nos apartados b), c) ou d) do citado artigo 10 do EBEP. Así mesmo, acordouse engadir ao artigo 2 (Dereitos das persoas en listas de reserva) a seguinte previsión:

“Nos supostos nos que, por motivos de urxencia e necesidade debidamente xustificadas polo Servizo correspondente, resulte necesario recorrer a contratación en réxime laboral temporal de efectivos, poderase recorrer as persoas integrantes das listas de reserva, sempre que o seu perfil se adecúe ás categorías profesionais ofertadas e previa a aceptación expresa e manifestada por escrito dos aspirantes reservistas”.

De conformidade co establecido no artigo 3 das anteriores “normas reguladoras, foron requeridos/as os dous aspirantes da lista de substitucións referida aos que lle corresponde ser nomeados, que se corresponden cos aspirantes nºs 14-D^a. Comesaña Fernández, Isabel, DNI 53.185.485-D, 17-Comesaña Araujo, Manuel, 19-Otero Correa, José M^a., DNI 33.810.572-C, 21-Sánchez Franco, Abraham, DNI 53.183.875-D, 22-Caride González, Borja, DNI 39.459.449-M, 23-Fouz Ares, M^a. Jesús, DNI 33.538.869-Q, 24-Alonso Vidal, Tomás, DNI 36.064.038-S, 25-Castro Duarte, Alfredo Bautista, DNI 35.306.019-F, 26-Vázquez Agulla, Miguel, DNI 36.105.440-V, 34-Díaz Alvarez, Pablo, DNI 36.124.763-C, 60-Balseiro Rodríguez, Daniel, DNI 76.729.746-K e, 61-Abalde Costa, Angel, DNI 36.057.096-L, os/as cales manifestaron a través de escritos de data 16/11/2015 optar aos referidos nomeamento interino por acumulación de tarefas según do disposto no artigo 10.1.d) do R.D. Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Servizo de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

O Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, no artigo 10, apartado 1, establece que son funcionarios interinos os que, por razóns xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionario de carreira, cando se de algunha das circunstancias previstas no artigo 10 do referido R.D. Legislativo. De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do referido Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, cando finalice a causa que deu lugar o seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado

3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ó corpo ó que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 205-Oficial Sepultureiro/a), da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

Así mesmo, a Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa («B.O.E.» 17 setembro) que modificou o E.B.E.P, establece que “el personal interino cuya designación sea consecuencia de la ejecución de programas de carácter temporal o del exceso o acumulación de tareas por plazo máximo de seis meses, dentro de un período de doce meses, podrá prestar los servicios que se le encomienden en la unidad administrativa en la que se produzca su nombramiento o en otras unidades administrativas en las que desempeñe funciones análogas, siempre que, respectivamente, dichas unidades participen en el ámbito de aplicación del citado programa de carácter temporal, con el límite de duración señalado en este artículo, o estén afectadas por la mencionada acumulación de tareas”.

De conformidade co disposto no apartado “Outras disposicións comúns” das bases xerais publicadas no BOP de 19 de xullo de 2010, e DOGA de 17 de novembro seguinte, referentes á oferta de emprego público do ano 2008, “os candidatos que non tendo superado o proceso selectivo aprobasen tódalas probas da fase de oposición para ingreso nos correspondentes grupos, corpos, escalas, formarán parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados ou contratados como persoal interino ou laboral.

Consecuentemente, dáse cumprimento aos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade na convocatoria para proceder ó nomeamentos propostos en réxime de interinidade por acumulación de tarefas, xa que os citados candidatos superaron os exercicios da correspondente oposición para a cobertura en réxime laboral fixo de prazas de axudantes de oficios na última convocatoria pública.

Asemade, e segundo o disposto na Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015 e, en igual senso o disposto na Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o vindeiro ano 2016, dispón nos seus artigos 21.Dous e 20.Dous, respectivamente, que durante o ano 2015 e, 2016, non se procederá a contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento de persoal estatutario, temporal ou de funcionarios interinos, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, como e o caso.

A este respecto, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 20 de xuño de 2014, aprobou as Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, derivadas da aplicación das previsións contidas na Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, da Lei 5/2014, do 27 de maio e, da Lei 22/2013 de Orzamentos Xerais do Estado para o presente ano 2014, contemplándose o seguinte:

“En cumprimento do establecido na LPGE 2014, durante o presente exercicio non se procederá á contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento funcionarios/as interinos, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios, ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

Defínense como servizos e sectores prioritarios no Concello de Vigo a tal efecto os seguintes:

1.- Servizos cuxo ámbito funcional se corresponde co listado de competencias propias dos concellos, contemplado na nova redacción do artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro:

“O Municipio exercerá en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:

a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística. Protección e xestión do patrimonio histórico. Promoción e xestión da vivenda de protección pública con criterios de sustentabilidade financeira. Conservación e rehabilitación da edificación.

b) Medio ambiente urbano: en particular, parques e xardíns públicos, xestión dos residuos sólidos urbanos e protección contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica nas zonas urbanas.

c) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais.

d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

e) Avaliación e información, de situacións de necesidade social, e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.

f) Policía local, protección civil, prevención e extinción de incendios.

g) Tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade. Transporte colectivo urbano.

h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.

i) Feiras, abastos, mercados, lonxas e comercio ambulante.

j) Protección da salubridade pública.

k) Cemiterios e actividades funerarias.

l) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.

m) Promoción da cultura e equipamentos culturais.

n) Participar na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria, e cooperar coas Administracións educativas correspondentes na obtención dos solares necesarios para a construción de novos centros docentes. A conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial.

ñ) Promoción no seu termo municipal da participación dos cidadáns no uso eficiente e sostible das tecnoloxías da información e das comunicacións”.

2.- Servizos que incidan directamente dentro do ámbito dos servizos obrigatorios contemplados no artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro:

Os Municipios deberán prestar, en todo caso, os servizos seguintes:

–En todos os Municipios: Alumeado público, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, alcantarillado, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas.

–Nos Municipios con poboación superior a 5.000 habitantes, ademais: Parque público, biblioteca pública, mercado e tratamento de residuos.

–Nos Municipios con poboación superior a 20.000 habitantes, ademais: Protección civil, avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social, prevención e extinción de incendios e instalacións deportivas de uso público.

–Nos Municipios con poboación superior a 50.000 habitantes, ademais: Transporte colectivo urbano de viaxeiros e medio ambiente urbano”.

O recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados anteriormente como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

3.- Fora do listado competencial exposto, e dentro do actual marco legal de restrición no exercicio das competencias municipais, unicamente poderán ser reforzados aqueles servizos internos ou centrais, de carácter transversal, cuxa actividade permanente resulta imprescindible para o adecuado funcionamento interno dos órganos de goberno, xestión económica e tributaria municipal, tecnoloxías da información e comunicación (TICs), exercicio de funcións reservadas a funcionarios con habilitación de carácter estatal e/ ou órganos directivos municipais; sectores concretados en:

- Secretaría Xeral (Pleno, Xunta de Goberno Local e Administración Municipal).*
- Intervención Xeral Municipal.*
- Titularidade da Asesoría Xurídica Municipal.*
- Servizos económicos (Tesourería Municipal e Área de Ingresos)*
- Servizos Xurídicos municipais: Servizo do Contencioso e Servizo de Recursos e Asesoramento da Asesoría Xurídica Municipal.*
- Área de Réxime Interior e servizos ou unidades dependentes.*
- Recursos Humanos.*
- Administración Electrónica.*

O recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados anteriormente como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

4.- O Concello de Vigo poderá determinar outros sectores ou servizos de carácter prioritario dentro da organización municipal aos efectos do previsto no presente apartado, sempre en tanto as Administracións Públicas competentes, previa a tramitación legal que proceda, autoricen o exercicio de competencias distintas das propias ou o exercicio de competencias delegadas, nos termos do previsto no marco legal vixente e sempre que se acredite o cumprimento dos requisitos previstos neste.

En canto ao exercicio de competencias distintas das propias e das delegadas, estarase ao establecido na Instrución 1/2014, da Intervención Xeral Municipal, resultando de aplicación o disposto no artigo 3.3 da Lei 5/2014, de 27 de maio, que dispón que non se entenderá como exercicio de novas competencias:

- a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.
- b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.
- c) A modificación da regulamentación dos servizos ou das súas modalidades cando non leve consigo a realización de novas actividades prestacionais”.

O artigo 25 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, establece que “El Municipio, para la gestión de sus intereses y en el ámbito de sus competencias, puede promover actividades y prestar los servicios públicos que contribuyan a satisfacer las necesidades y aspiraciones de la comunidad vecinal en los términos previstos en éste artículo”, exercendo en todo caso, entre outras, en materia de *Cemiterios e actividades funerarias*, art. 25.2.k).

O artigo 26 da Lei 7/1985, establece tamén no seu artigo 26.1.a) que “los Municipios deberán prestar, en todo caso, os servicios de “alumbrado público, cementerios, recogida de residuos, limpieza viaria, abastecimiento domiciliario de agua potable, alcantarillado, acceso a los núcleos de población y pavimentación de las vías públicas.”

Trátase polo tanto dunha competencia propia, recollida no art. 25.2.k) da Lei 7/ 1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, o que se fai constar, segundo o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas nas anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 20 de xuño pasado, a propósito da clarificación das competencias das Entidades Locais distintas das propias e das atribuídas por delegación, considerándose a prestación dos servizos de Cemiterios e actividades funerarias, como servizo público esencial, informase favorablemente ao devandito nomeamento, tendo en conta a minoración que supón nos créditos correspondentes a postos vacantes.

O importe do custe de ditos nomeamentos, para acomete-lo gasto proposto durante un período de seis meses ascende a un total de 22.505,98€, dos que 3.719,98€ corresponden ao presente exercicio e 18.786,00€ a o exercicio do vindeiro ano 2016, ao que haberá que engadirse a cantidade de 6.599,04€ en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa, e imputaríase con cargo a partida 922.0.1400000 “outras modalidades de contratacións temporais”, prevista no vixente orzamento prorrogado para o ano 2015, dentro do Capítulo I de gastos.

Á vista de todo o exposto, e vistas as competencias en materia de persoal e xestión económica do mesmo que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o artigo 127.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de novembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e previo o preceptivo informe de fiscalización da existencia de consignación presupostaria que pola Intervención Xeral

se emita, polo técnico de organización que subscribe, coa conformidade da xefa do Servizo de Recursos Humanos, elévase a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro.- Declara-la urxencia no nomeamento de dous/dúas funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como Oficiais Sepultureiros/as, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Cemiterios, contidas no escrito de 11 de setembro de 2015 e, en consecuencia, autoriza-lo gasto por importe de 22.543,20€, dos que 3.757,20€ corresponden ao presente exercicio e 18.786,00€ a o exercicio do vindeiro ano 2016, con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

Segundo.- Nomear como funcionarios interinos por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses a, D. JOSÉ JUAN QUINTAS PÉREZ, DNI 36.055.110-B e, D. ALBERTO COSTAS VILLAR, DNI 36.125.772-S, seguintes aspirantes que superaron tódolos exercicios da oposición na última convocatoria para a provisión de prazas de Oficiais Sepultureiros, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2008, de conformidade coas bases xerais da mesma.

Terceiro.- Os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 205-Oficial Sepultureiro/a, sendo adscritos ao Servizo de Cemiterios (cód. 303).

Cuarto.- Establecer que a xornada laboral dos funcionarios interinos nomeados desenvolverase de luns a domingo, en xornada partida de mañá e tarde -08,45 a 13,00 e de 15,15 a 18,30 horas, en calquera dos oito cemiterios municipais, segundo as necesidades do Servizo que garantan ós seus períodos de descanso regulamentarios."

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(1376).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DUN/DUNHA AXUDANTE DE OFICIOS BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ART. 10.1.D) DO RD LEXISLATIVO 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO, POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI DO EBEP, POR UN PERÍODO MÁXIMO DE SEIS MESES. EXPTE. 27356/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 1.12.15, dáse conta do informe-proposta do técnico de Organización e Planificación

de Recursos Humanos, do 30.11.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, que di o seguinte:

Antecedentes:

Con data 14 de agosto de 2015, a Directora do Laboratorio Municipal coa conformidade da Concelleira-Delegada de Medio Ambiente e Xuventude, solicita o nomeamento interino por acumulación de tarefas dun axudante de oficios como apoio aos oficiais desinfectores da plantilla que permita que o servizo continúe aplicando os tratamentos de mantemento e revisión para evitar que se superen os umbrais de tolerancia e se poidan producir consecuencias directas sobre saúde da poboación, dando así mesmo resposta a todas as solicitudes que actualmente se reciben no servizo.

O concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, a través de instrución de servizo de data 26 de novembro actual, prestou conformidade á referida proposta, autorizando o nomeamento interino dun/dunha axudante de oficios por acumulación de tarefas solicitado no escrito de petición, por un período máximo de seis meses, tal e como establece o artigo 10.1.d) do R.D. Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, texto refundido do EBEP, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Desinfección, nos termos da solicitude da técnica responsable do Servizo de data 14 de agosto de 2015.

En execución da última oferta de emprego público deste Concello tiveron lugar as probas selectivas para a cobertura en réxime laboral fixo de vinteseite prazas de Axudantes de oficios, figurando na acta do tribunal de data 26 de decembro de 2011 a correspondente proposta de contratación, formalizando contrato laboral fixo con data 1 de febreiro de 2012, trala autorización da Xunta de Goberno Local de 20 de xaneiro anterior. Na referida proposta do Órgano de Selección, figura a relación de aspirantes que a efectos do previsto no artigo 61.8 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (actualmente no mesmo artigo do R.D. Lexislativo 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público), tendo superadas todas e cada unha das probas de que constou a oposición, e, de conformidade coas bases xerais da convocatoria pasen a formar parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados/as ou contratadas como persoal interino ou laboral.

Seguindo estritamente a orde da lista a que se refire o parágrafo anterior e consultados os datos obrantes neste Servizo, corresponde o nomeamento como axudantes de oficios, segundo informe técnico que se achega ao expediente, do aspirante que figura na posición núm. 27-Fernández Álvarez, Armando, DNI 76.896.061-T que aceptou expresamente o mesmo, acreditando neste Servizo de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

Consultados os datos obrantes no programa informático de xestión de persoal, verifícase que aspirante proposto leva mais de seis meses dende que rematou o seu último nomeamento interino como axudante de oficios (art. 10.1.d) do Texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, expte. 25801/220, aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 07/11/14, rematando o mesmo en data 12/05/15, polo que está en condicións de ser novamente nomeado desde o día 13/11/15.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 3 de marzo de 2008, aprobou acordo relativo a aprobación das normas reguladoras do funcionamento das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 24 de abril de 2009, modificou o artigo 3 das "Normas Reguladoras do funcionamento das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo", publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, nº 70, do venres 11, en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento e Interpretación en sesión celebrada o 7 de abril de 2009, engadindo á dita previsión o seguinte parágrafo:

"Cando se proceda á provisión con carácter interino dunha praza vacante ao abeiro do disposto no artigo 10.1, apartado a) da Lei 7/2007, do 12 de abril, efectuarase o chamamento á primeira persoal da lista de reserva, incluíndo ás que se atopen prestando servizos no Concello de Vigo nalgunha das modalidades contempladas nos apartados b), c) ou d) do citado artigo 10 do EBEP. Así mesmo, acordouse engadir ao artigo 2 (Dereitos das persoas en listas de reserva) a seguinte previsión:

"Nos supostos nos que, por motivos de urxencia e necesidade debidamente xustificadas polo Servizo correspondente, resulte necesario recorrer a contratación en réxime laboral temporal de efectivos, poderase recorrer as persoas integrantes das listas de reserva, sempre que o seu perfil se adecúe ás categorías profesionais ofertadas e previa a aceptación expresa e manifestada por escrito dos aspirantes reservistas".

De conformidade co establecido no artigo 3 das anteriores "normas reguladoras, foi requirido o aspirante núm. 27-Fernández Álvarez, Armando, DNI 76.896.061-T, que aceptou expresamente optar a dito nomeamento interino por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1.d) do R.D.Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Servizo de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

O Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, no artigo 10, apartado 1, establece que son funcionarios interinos os que, por razóns xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionario de carreira, cando se de algunha das circunstancias previstas no artigo 10 do referido R.D. Legislativo. De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do referido Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, cando finalice a causa que deu lugar o seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ó corpo ó que pertenza a vacante (posto cód. 147-axudante de oficios da RPT vixente), da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

Así mesmo, a Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa («B.O.E.» 17 setembro) que modificou o E.B.E.P, establece que "el personal interino cuya designación sea consecuencia de la ejecución de programas de carácter temporal o del exceso o acumulación de tareas por plazo máximo de seis meses, dentro de un período de doce meses, podrá prestar los servicios que se le encomienden en la unidad

administrativa en la que se produzca su nombramiento o en otras unidades administrativas en las que desempeñe funciones análogas, siempre que, respectivamente, dichas unidades participen en el ámbito de aplicación del citado programa de carácter temporal, con el límite de duración señalado en este artículo, o estén afectadas por la mencionada acumulación de tareas”.

De conformidade co disposto no apartado “Outras disposicións comúns” das bases xerais publicadas no BOP de 19 de xullo de 2010, e DOGA de 17 de novembro seguinte, referentes á oferta de emprego público do ano 2008, “os candidatos que non tendo superado o proceso selectivo aprobasen tódalas probas da fase de oposición para ingreso nos correspondentes grupos, corpos, escalas, formarán parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados ou contratados como persoal interino ou laboral.

Consecuentemente, dáse cumprimento aos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade na convocatoria para proceder ó nomeamentos propostos en réxime de interinidade por acumulación de tarefas, xa que os citados candidatos superaron os exercicios da correspondente oposición para a cobertura en réxime laboral fixo de prazas de axudantes de oficios na última convocatoria pública.

Asemade, e segundo o disposto na Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015 e, en igual senso o disposto na Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o vindeiro ano 2016, dispón nos seus artigos 21.Dous e 20.Dous, respectivamente, que durante o ano 2015 e, 2016, non se procederá a contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento de persoal estatutario, temporal ou de funcionarios interinos, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, como e o caso.

A este respecto, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 20 de xuño de 2014, aprobou as Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, derivadas da aplicación das previsións contidas na Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, da Lei 5/2014, do 27 de maio e, da Lei 22/2013 de Orzamentos Xerais do Estado para o presente ano 2014, contemplándose o seguinte:

“En cumprimento do establecido na LPGE 2014, durante o presente exercicio non se procederá á contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento funcionarios/as interinos, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios, ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

Defínense como servizos e sectores prioritarios no Concello de Vigo a tal efecto os seguintes:

1.- Servizos cuxo ámbito funcional se corresponde co listado de competencias propias dos concellos, contemplado na nova redacción do artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro:

“O Municipio exercerá en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:

- a) *Urbanismo: planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística. Protección e xestión do patrimonio histórico. Promoción e xestión da vivenda de protección pública con criterios de sustentabilidade financeira. Conservación e rehabilitación da edificación.*
- b) *Medio ambiente urbano: en particular, parques e xardíns públicos, xestión dos residuos sólidos urbanos e protección contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica nas zonas urbanas.*
- c) *Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais.*
- d) *Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.*
- e) *Avaliación e información, de situacións de necesidade social, e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.*
- f) *Policía local, protección civil, prevención e extinción de incendios.*
- g) *Tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade. Transporte colectivo urbano.*
- h) *Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.*
- i) *Feiras, abastos, mercados, lonxas e comercio ambulante.*
- j) *Protección da salubridade pública.*
- k) *Cemiterios e actividades funerarias.*
- l) *Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.*
- m) *Promoción da cultura e equipamentos culturais.*
- n) *Participar na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria, e cooperar coas Administracións educativas correspondentes na obtención dos solares necesarios para a construción de novos centros docentes. A conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial.*
- ñ) *Promoción no seu termo municipal da participación dos cidadáns no uso eficiente e sostible das tecnoloxías da información e das comunicacións”.*

2.- *Servizos que incidan directamente dentro do ámbito dos servizos obrigatorios contemplados no artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro:*

Os Municipios deberán prestar, en todo caso, os servizos seguintes:

–En todos os Municipios: Alumeado público, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, alcantarillado, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas.

–Nos Municipios con poboación superior a 5.000 habitantes, ademais: Parque público, biblioteca pública, mercado e tratamento de residuos.

–Nos Municipios con poboación superior a 20.000 habitantes, ademais: Protección civil, avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social, prevención e extinción de incendios e instalacións deportivas de uso público.

–Nos Municipios con poboación superior a 50.000 habitantes, ademais: Transporte colectivo urbano de viaxeiros e medio ambiente urbano”.

O recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados anteriormente como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

3.- Fora do listado competencial exposto, e dentro do actual marco legal de restrición no exercicio das competencias municipais, unicamente poderán ser reforzados aqueles servizos internos ou centrais, de carácter transversal, cuxa actividade permanente resulta imprescindible para o adecuado funcionamento interno dos órganos de goberno, xestión económica e tributaria municipal, tecnoloxías da información e comunicación (TICs), exercicio de funcións reservadas a funcionarios con habilitación de carácter estatal e/ ou órganos directivos municipais; sectores concretados en:

–Secretaría Xeral (Pleno, Xunta de Goberno Local e Administración Municipal).

–Intervención Xeral Municipal.

–Titularidade da Asesoría Xurídica Municipal.

–Servizos económicos (Tesourería Municipal e Área de Ingresos)

–Servizos Xurídicos municipais: Servizo do Contencioso e Servizo de Recursos e Asesoramento da Asesoría Xurídica Municipal.

–Área de Réxime Interior e servizos ou unidades dependentes.

–Recursos Humanos.

–Administración Electrónica.

O recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados anteriormente como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

4.- O Concello de Vigo poderá determinar outros sectores ou servizos de carácter prioritario dentro da organización municipal aos efectos do previsto no presente apartado, sempre en tanto as Administracións Públicas competentes, previa a tramitación legal que proceda, autoricen o exercicio de competencias distintas das propias ou o exercicio de competencias delegadas, nos termos do previsto no marco legal vixente e sempre que se acredite o cumprimento dos requisitos previstos neste.

En canto ao exercicio de competencias distintas das propias e das delegadas, estarase ao establecido na Instrución 1/2014, da Intervención Xeral Municipal, resultando de aplicación o

disposto no artigo 3.3 da Lei 5/2014, de 27 de maio, que dispón que non se entenderá como exercicio de novas competencias:

- a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.
- b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.
- c) A modificación da regulamentación dos servizos ou das súas modalidades cando non leve consigo a realización de novas actividades prestacionais”.

Trátase polo tanto dunha competencia propia, recollida no art. 25.2.j) da Lei 7/ 1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, o que se fai constar, segundo o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas nas anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 20 de xuño pasado, a propósito da clarificación das competencias das Entidades Locais distintas das propias e das atribuídas por delegación, considerándose a prestación dos servizos de protección da salubridade pública, como servizo público esencial, infórmase favorablemente aos devanditos nomeamentos, tendo en conta a minoración que supón nos créditos correspondentes a postos vacantes.

A urxencia dos nomeamentos propostos queda acreditada no escrito de petición do Laboratorio Municipal anexado ao expediente.

O nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses, dun/dunha axudante de oficios para o Servizo de Desinfección, supón un gasto de 10.602,07€. (desta cantidade 1.743,02€ se corresponde ao presente exercicio orzamentario 2015 e, 8.859,05€ ao vindeiro exercicio 2016) ao que haberá que engadirse a cantidade de 3.932,25 € en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa, e imputaríase con cargo a partida 920.0.1400000 “outras modalidades de contratacións temporais”, prevista no vixente orzamento prorrogado para o ano 2015, dentro do Capítulo I de gastos.

Á vista de todo o exposto, e vistas as competencias en materia de persoal e xestión económica do mesmo que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o artigo 127.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local e, previo o preceptivo informe de fiscalización da existencia de consignación presupostaria que pola Intervención Xeral se emita, polo técnico de organización que subscribe, coa conformidade da Xefa do Servizo de Recursos Humanos, elévase a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro.- Declara-la urxencia no nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas, como Axudante de Oficios, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Desinfección, contidas no escrito de 14 de agosto de 2015 e, en consecuencia, autoriza-lo gasto por importe de 10.602,07€, con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte ao referido nomeamento.

Segundo.- Nomear como funcionario interino por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses a, D. ARMANDO FERNÁNDEZ ÁLVAREZ, DNI 76.896.061-T, seguinte aspirante que superou tódolos exercicios da oposición na última convocatoria para a provisión de prazas

de Axudantes de Oficios, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2008, de conformidade coas bases xerais da mesma.

Terceiro.- O referidos nomeamento farase de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 147, axudante de oficios, sendo adscrito ao Laboratorio Municipal-Servizo de Desinfección (cód. 313), sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do citado real decreto lexislativo, modificado pola Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

Cuarto.- A xornada laboral dos/das traballadores/as nomeados/as, desenvolverase de luns a domingo, en xornada continuada de mañá, tarde o noite, segundo ás necesidades do Servizo que garantan ós seus períodos de descanso regulamentarios.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(1377).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN DE MESTURAS BITUMINOSAS E EMULSIÓNS ASFÁLTICAS PARA O TALLER DE VÍAS E OBRAS DA ÁREA DE FOMENTO DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 68814/250.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 2.12.15, dáse conta do informe-proposta do 20.11.15, asinado polo responsable do contrato e o técnico de Xestión do Servizo de Fomento, e conformado polo asesor xurídico e o concelleiro da Área de Fomento e polo concelleiro da Áread e Orzamento e Facenda, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES:

- 1.- Nome do contrato: “subministro de mesturas bituminosas e emulsións asfálticas”.
- 2.- Publicacións da licitación: DOCE 29-06-13, BOE 17-07-13, DOG 11-07-13, BOP 17-07-13
- 3.- Data de adxudicación definitiva: 27/09/2013.
- 4.- Data de formalización do contrato: 24/10/2013.
- 5.- Contratista: Construcciones Obras e Viales S.A. (En adiante COVSA)
- 6.- Normativa de aplicación: en canto a normativa de aplicación esta representada polo Real decreto lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, que aproba o texto refundido da Lei de contratos

do sector público (no sucesivo, TRLCSP), que actualmente contempla esta materia no seu artigo 89 (pois o 90 e 91 seguintes foron derogados trala aprobación da Lei 2/2015 de 30 de marzo de desindexación da economía española). Sen embargo, a disposición transitoria primeira da dita norma establece que os expedientes iniciados e os contratos adxudicados con anterioridade a entrada en vigor desta Lei – ou das súas modificación- rexeranse pola normativa anterior. Polo tanto, neste caso en que o contrato formalizouse no ano 2013 serán de aplicación os artigo 80, 90 e 91 do TRLCSP na súa redacción anterior á entrada en vigor da Lei 2/2015 de 30 de marzo.

7.- Fórmula de revisión de prezos: O apartado 3.J das Follas de Características do Contrato (F.E.C.) que serviu de base para a contratación, establece como fórmula de revisión de prezos a que figura como nº 152 no Real Decreto 1359/2011, de 7 de outubro polo que apróbanse a relación de materiais e fórmulas-tipo xerais de revisión de presos.

$$K_t = 0,4 B_t / B_0 + 0,07 C_t / C_0 + 0,14 E_t / E_0 + 0,01 Q_t / Q_0 + 0,14 R_t / R_0 + 0,24$$

Onde,

K_t: coeficiente teórico de revisión para o momento da execución

B: Índice de custo dos materiais bituminosos

C: Índice do custo do cemento

E: Índice do custo da enerxía

Q: Índice do custo de produtos químicos

R: Índice do custo de áridos e rochas

Na fórmula de revisión de prezos, represéntase con subíndice “t” os valores dos índices de prezos de cada material no mes que corresponde ao período de execución do contrato cuxo importe é obxecto de revisión; e co subíndice “o” os valores dos índices de prezos de cada material na data de adxudicación do contrato (27/09/13), por imperativo do previsto no artigo 91.3 do TRLCSP.

II. XUSTIFICACIÓN DA PROCEDENCIA DA REVISIÓN PROPOSTA:

O T.R.L.C.S.P., establece no seu artigo 94, “pago do importe da revisión”, que o importe das revisións que procedan faranse efectivo, de oficio, mediante o abono ou desconto correspondente nas certificacións ou pagos parciais ou, excepcionalmente, cando non puideran incluírse nas certificacións ou pagos parciais, na liquidación do contrato.

No presente contrato non se puideron incluír nas correspondentes certificacións ou pagos a revisión de prezos, por mor do retraso co que se publican os índices de prezos para o cálculo do coeficiente de revisión, de feito os últimos publicados correspondentes a anualidade 2014, foron publicados no BOE do 16 setembro do 2015.

A referida norma, establece no seu artigo 89.1, que a revisión de prezos terá lugar cando o contrato se tivera executado, con polo menos, o 20% do seu importe e tivera transcorrido un ano dende a súa formalización.

Por outra parte nesta materia o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do contrato (en adiante P.C.A.P.), no referente a revisión de prezos na súa cláusula 27, remite ao establecido no

apartado 3.J das F.E.C. que contempla a procedencia da revisión de prezos, mediante a aplicación da fórmula anteriormente citada.

Da aplicación da citada normativa resulta o seguinte:

a) A data da formalización do contrato e a de 24/10/13, polo tanto, o primeiro ano do contrato remata o 23/10/14.

b) O prezo do presente contrato sen IVE é de 495.867,77€ e, polo tanto, o 20% de dita cantidade resulta ser 99.173,54€. O 23/10/14, tíñanse facturado 218.487,60€, cantidade superior ao 20% do prezo do contrato, anteriormente calculada (99.173,54€).

Procede polo tanto a revisión de prezos, dos subministros realizados e a partir do 24 DE OCTUBRO DE 2014.

A base imponible da factura do mes de outubro de 2014, ascende a cantidade de 14.537,24 euros, pero considerando que so teñen dereito a revisión de prezos os subministros realizados a partir do día 24 do dito mes, aplícase unicamente os subministros cuxos albaráns teñen fecha posterior. Polo que a cantidade que ten dereito a revisión de prezos do total da base imponible da citada factura ascende a 6.072,68 euros.

III. CÁLCULO DO IMPORTE DA REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO.

O cálculo da revisión de prezos realizouse utilizando o procedemento que de seguido se expón.

Índices de prezos con subíndice "o" correspondentes ao mes no que foi definitivamente adxudicado o contrato: setembro 2013.

Período de revisión a partir dun ano dende a formalización do contrato, polo tanto a partir do 24 de outubro de 2014.

Seguindo as instrucións da Intervención Xeral, aplícase ao total das cantidades facturadas no período revisable, (24 de outubro 2014 ata o remate da segunda anualidade 23 de outubro de 2015), o coeficiente de revisión K_i resultante de aplicar na fórmula, os índices con subíndice "t" publicados para o mes de outubro 2014, no que comeza o dito período.

No CADRO II (do cal se achega copia), expóñense pormenorizados os cálculos realizados cuxo resultado indícase no cadro que segue:

FORMULA (nº 152 del R.D. 1359/2011)	FACTURADO desde inicio contrato a 23 de octubre de 2014 exento revisión de precios	FACTURADO 24 de octubre 2014 a 23 de octubre 2015 periodo revisable	TOTALES contrato
$K_t = 0,4$ Bt/ B0+0,07 Ct/ C0+0,14 Et/ E0+0,01 Qt/ Q0+0,14 Rt/ R0+0,24		0,972435	
Importe suministros precios de licitación	275.370,10	356.308,59	631.678,69
Baja de adjudicación. 21,50 %	21,50%	21,50%	
Base imponible facturas (Importe de suministros a precios de adjudicación)	216.165,53	279.702,24	495.867,77
I.V.A. 21,00 %	45.394,76	58.737,47	
TOTAL Facturación	261.560,29	338.439,70	600.000,00
Base imponible facturas (Importe de suministros a precios de adjudicación) x K_t		271.992,33	
Revision		-7.709,91	
I.V.A. 21,00 %		-1.619,08	
TOTAL REVISION		-9.328,99	

O Asesor Xurídico da Area, con esta mesma data, presta conformidade ao presente informe proposta.

Previamente a remitir o expediente a Secretaría da X.G.L., para a súa inclusión no orde do día deberá emitir informe de fiscalización favorable a Intervención Xeral.

O órgano de contratación competente para aprobar a revisión de prezos e a Xunta de Goberno Local (en adiante X.G.L.), de conformidade co previsto na disposición adicional segunda do T.R.L.C.S.P.

Por todo o exposto, proponse á Xunta de Goberno Local, que adopte o seguinte acordo:

Aprobar a revisión de prezos do contrato de "Subministro de mesturas bituminosas e emulsións asfálticas" adxudicado a "Construcciones, Obras y Viales S.A", pola cantidade de -9.328,99 € (I.V.E. incluído), para a anualidade comprendida entre o 24 de outubro 2014 e o 23 de outubro 2015.

O presente importe deberá ser ingresado polo contratista na Tesourería Municipal.

O presente acordo comunicarase ao servizo de Contratación, a Intervención Xeral e ao contratista, aos efectos oportunos, ofrecéndolle a este último os recursos previsto na vixente lexislación.

Acordo

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e corenta minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Olga Alonso Suárez.